4º SESIÓN:  12'30-12'45 -VOLTA A CALMA.  12'45-13'30-OBRAOIRO.  13'30-13'45- VOLTA A CALMA	<p>OBRADOIRO E.F. TAMARA OBRADOIRO MULTI:TANIA (RAMÓN,XOAN CARLOS,SONIA) APOIO: CRISTINA Y ELISA GRUPO:D</p> <p>OBRADOIRO HABILIDADES COMUNICATIVAS (ALEX, SANDRA) APOIO: SUPERVISIÓN GRUPO:AL</p> <p>OBRADOIRO CINE/DOCUMENTAL MIRIAM (CARLA, CARMEN ) APOIO: MARÍA JOSÉ GRUPO :C +A (- AL)</p> <p>OBRADOIRO XOGO (PABLO, ELENA, AMARA) APOIO: MARÍA ROMERO GRUPO :B</p> <p>APOIO COMODÍN: FON Y MARI Costa</p>	<p>OBRADOIRO E.F. TAMARA (CARLA) APOIO:ELISA GRUPO: B</p> <p>OBRADOIRO COCINA/LAVANDERIA AMARA (ANA,CRISTINA) APOIO: MARI COSTA GRUPO: C</p> <p>OBRADOIRO TICS CARMEN (ELENA) APOIO: MARÍA ROMERO GRUPO: A</p> <p>OBRADOIRO SENSORIAL/ PSICOMOTRICIDADE ( LAURA,SANDRA,XOAN CARLOS, ALEX AL) APOIO: FON Y CRISTINA GRUPO D</p> <p>APOIO COMODÍN: MARÍA JOSÉ</p>	<p>OBRADOIRO E.F. TAMARA (SONIA) APOIO: MARÍA JOSÉ GRUPO:A</p> <p>OBRADOIRO COCINA/LAVANDERIA AMARA (ANA,CRISTINA ) APOIO: FON GRUPO: B</p> <p>OBRADOIRO PLÁSTICA/CUENTACUENTOS 1/2H.ROTAN: SANDRA MULTISENSORIAL: TANIA (ELENA,MIRIAM,CARLA) APOIO:MARI COSTA Y CRISTINA GRUPO: D</p> <p>OBRADOIRO DE XOGO (PABLO,LAURA, RAMÓN) APOIO: MARÍA ROMERO GRUPO:C</p> <p>APOIO COMODÍN: ELISA</p>	<p>OBRADOIRO E.F. TAMARA (XOAN CARLOS) APOIO: FON GRUPO:C</p> <p>OBRADOIRO DE XOGO (LAURA,MIRIAM) APOIO: MARI COSTA GRUPO:A</p> <p>OBRADOIRO TICS CARMEN (ELENA) APOIO: ELISA GRUPO:B</p> <p>OBRADOIRO HABILIDADES COMUNICATIVAS ALEX APOIO: SUPERVISIÓN GRUPO:AL</p> <p>OBRADOIRO MULTISENSORIAL: TANIA OBRADOIRO TICS/PANTALLA DIXITAL (CRISTINA,SANDRA,ANA) APOIO: CRISTINA Y MARÍA JOSE GRUPO:D</p> <p>APOIO COMODÍN: MARÍA ROMERO</p>	<p>OBRADOIRO CINE: MIRIAM (SONIA,XOAN CARLOS) OBRADOIRO MULTISENSORIAL: TANIA APOIO: ELISA Y MARÍA JOSÉ GRUPO: B+D</p> <p>OBRADOIRO TICS (CARMEN,ANA,CARLA) APOIO: MARI COSTA GRUPO:C</p> <p>OBRADOIRO COCINA/LAVANDERIA AMARA (CRISTINA, LAURA) APOIO: FON GRUPO:A</p> <p>APOIO COMODÍN: CRISTINA Y MARÍA ROMERO</p>

## TVA A

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	Traballo de aula	EF	Traballo de aula	Traballo de aula	Traballo de aula
2ª	Obradoiro	Obradoiro	EF	Obradoiro	Música
3ª	Obradoiro	Obradoiro	Traballo de aula	Obradoiro	Traballo de aula
	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
4ª	Traballo de aula	Traballo de aula	Obradoiro	Traballo de aula	Obradoiro
5ª	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor

## TVA B

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	Biblioteca	EF	Traballo de aula	Traballo de aula	Traballo de aula
2ª	Teatro	Multisensorial	Traballo de aula	Cocina	Música
3ª	Traballo de aula	Traballo de aula	EF	Traballo de aula	Traballo de aula
	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
4ª	Traballo de aula	Traballo de aula	TICs	Aula/Multi	Cine
5ª	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor

## TVA C

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	E.F.	Traballo de aula	Traballo de aula	E.F.	Traballo de aula
2ª	Obradoiro	Obradoiro	Traballo de aula	Obradoiro	Traballo de aula
3ª	Obradoiro	Obradoiro	Traballo de aula	Obradoiro	Traballo de aula
	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
4ª	Traballo de aula	Música	Obradoiro	Traballo de aula	Obradoiro
5ª	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor

## TVA D

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	EF	Traballo de aula	Música	E.F.	Traballo de aula
2ª	Obradoiro	Obradoiro	Traballo de aula	Obradoiro	Traballo de aula
3ª	Obradoiro	Obradoiro	Traballo de aula	Obradoiro	Traballo de aula
	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
4ª	Traballo de aula	Traballo de aula	Obradoiro	Traballo de aula	Obradoiro
5ª	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor

## TVA E

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	Música	Traballo de aula	EF	Traballo de aula	Traballo de aula
2ª	Traballo de aula	Obradoiro	Traballo de aula	Obradoiro	Traballo de aula
3ª	Traballo de aula	Obradoiro	Traballo de aula	Obradoiro	Traballo de aula
	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
4ª	Traballo de aula	Traballo de aula	Obradoiro	EF	Obradoiro
5ª	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor

## TVA F

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	Trab. de aula	Traballo de aula	Traballo de aula	Traballo de aula	Traballo de aula
2ª	Obradoiro	Obradoiro	EF	Obradoiro	Traballo de aula
3ª	Obradoiro	Obradoiro	Traballo de aula	Obradoiro	Traballo de aula
	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
4ª	Traballo de aula	EF	Obradoiro	Música	Obradoiro
5ª	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor

## REPROGRAFÍA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	Básicas	Taller	Taller	Taller	Taller
2ª	Básicas	Taller	Básicas	Taller	Taller
3ª	Taller	Taller	Básicas	Taller	Básicas
	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
4ª	Taller	Taller	Taller	Básicas	Básicas
5ª	Taller	EF	Taller	Taller	Básicas

## PEITEADO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	Taller	Taller	Taller	Taller	Taller
2ª	Taller	Taller	Taller	Taller	Taller
3ª	Básicas	Taller	Taller	Básicas	Básicas
	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
4ª	Taller	Básicas	Taller	Básicas	Taller
5ª	Ef	Básicas	Taller	Taller	Taller

## XARDINERÍA E VIVEIRSMO A

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	Taller	Básicas	Taller	Taller	Básicas
2ª	Taller	Básicas	Taller	Taller	Básicas
3ª	Taller	Taller	Taller	Taller	Taller
	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
4ª	Básicas	Taller	Taller	Taller	Taller
5ª	Básicas	Taller	Taller	EF	Taller

## XARDINERÍA E VIVEIRSMO B

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	Taller	Básicas	Taller	Taller	Básicas
2ª	Taller	Básicas	Taller	Taller	Taller
3ª	Taller	Taller	Taller	Taller	Taller
	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
4ª	Taller	Taller	Básicas	Taller	Taller
5ª	Básicas	Taller	Básicas	EF	Taller

## CARPINTARÍA

	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
1ª	Taller	Taller	Básicas	Taller	Taller
2ª	Taller	Taller	Taller	Taller	Taller
3ª	Taller	Taller	Taller	Taller	Taller
	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
4ª	Taller	Básicas	Taller	Taller	Básicas
5ª	Taller	Básicas	EF	Taller	Básicas

## LAVANDERÍA

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
1ª	Básicas	Taller	Taller	Taller	Taller
2ª	Básicas	Taller	Taller	Taller	Taller
3ª	Taller	Básicas	Taller	Taller	Taller
	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
4ª	Taller	Taller	Básicas	Taller	Taller
5ª	Taller	Ef	Básicas	Básicas	Taller

## PRE FP

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
1ª	Taller	Taller	Taller	Básicas	Taller
2ª	Taller	Taller	Taller	Taller	Taller
3ª	Básicas	Básicas	Música	Básicas	Taller
	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
4ª	Taller	Taller	Taller	TICs/Arte	Básicas
5ª	Taller	Taller	Taller	Taller	EF

### 3.2.6. Horarios dos espazos

#### TALLER DE COCIÑA-FOGAR

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCOR.</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
1ª					
2ª		TVA		TVA	PRIMARIA
3ª		TVA		TVA	
4ª					
5ª		SECUNDARIA	SECUNDARIA		SECUNDARIA

## BIBLIOTECA

	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
1ª	TVA A+B				
2ª	2º B	2º C	PRE FP	2º G	
3ª	2º F				
4ª	SECUNDARIA	SECUNDARIA	TVA	SECUNDARIA	TVA
5ª					

## INFORMÁTICA FPB

	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
1ª	XARDIN. A	BÁSICAS	PRE-TALLER	PEITEADO	LAVANDERÍA
2ª	XARDIN. A	BÁSICAS	PRE-TALLER	PEITEADO	XARDIN. B
3ª	LAVANDERÍA	A.L	A.L	AL	XARDIN. B
4ª	CARPINTERÍA	BÁSICAS	BÁSICAS	BÁSICAS	PRE-TALLER
5ª	CARPINTERÍA	BÁSICAS	BÁSICAS	BÁSICAS	PRE-TALLER

## TALLER DE PAPEL E MARQUETERÍA

	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
1ª					
2ª		TVA		TVA	
3ª		TVA		TVA	
4ª					
5ª					

## AULA TICS CORREDOR LARANXA

	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
1ª					
2ª					
3ª					
4ª		SECUNDARIA	TVA	SECUNDARIA	SECUNDARIA
5ª					

## AULA MULTISENSORIAL

	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
1ª					
2ª					
3ª					PRIMARIA
<b>RECREO</b>					
4ª	SECUNDARIA	SECUNDARIA	SECUNDARIA	SECUN/TVA	SECUNDARIA
5ª					

## AULA AUDIOVISUAIS/MULTISENSORIAL

	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
1ª					
2ª	TVA	TVA		TVA	
3ª	TVA	TVA			
<b>RECREO</b>					
4ª	SECUNDARIA				SECUNDARIA
5ª					

## SALÓN DE ACTOS

	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
1ª	TVA	TVA	TVA	TVA	
2ª	TVA		TVA	ADESTRAMENTO	
3ª	TVA		PRIMARIA		
<b>Recreos</b>					
4ª	SECUNDARIA	SECUNDARIA	SECUNDARIA	SECUNDARIA	
5ª		PFFPb		PFFPb	PRE-TALLER

## XIMNASIO

	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
1º					
2º	PRIMARIA				
3º					
<b>RECREO PRIMARIA/SECUNDARIA</b>					
<b>RECREO PFFPb</b>					
	PFFPb	PFFPb	PFFPb	PFFPb	

### 3.2.7. Organización dos recreos

O lugar habitual para levar a cabo os recreos será o **patio exterior**, sempre que a climatoloxía o permita.

Haberá un planilla co persoal asignado para a vixilancia do patio.

Os horarios dos recreos serán:

- De 12:00 a 12:30; Primaria, secundaria e TVA.
- De 12:30 a 13:00, PFFPB e Pre FP

Sempre que chova e os alumnos/as non poidan saír ó patio, farán o recreo no interior do Centro, aproveitaremos os seguintes espazos:

#### 1- No recreo de 12:00 a 12:30:

- Salón de actos: TVA
- Ximnasio e fútbolín: Primaria e secundaria

#### 2- No recreo de 12:30 a 13:00:

- PFFPB e PreFP: ximnasio e fútbolín.



No suposto de que falte un mestre de garda de recreo, e sexa preciso asinar a outro, xefatura de estudos asinarao, anotándose a substitución nun cadro específico de gardas de recreo.

Ademais, atendendo ó proxecto de patios divertidos (que comezará no 2º trimestre) levaranse a cabo diferentes actividades adaptándoas ás circunstancias e ao espazos: xogos deportivos, xogos de mesa, xogos musicais...

### 3.2.8. Quendas de vixilancias dos recreos

#### GARDAS DE RECREO CURSO 23-24

	LUNS			MARTES			MÉRCORES			XOVES			VENRES		
	SOL (areiro/patio)	CHOIVA (salón)		SOL (areiro/patio)	CHOIVA (salón)		SOL (areiro/patio)	CHOIVA (salón)		SOL (areiro/patio)	CHOIVA (salón)		SOL (areiro/patio)	CHOIVA (salón)	
<b>TVA</b> (12:00-12:30)	CRISTINA M. SOTO	CRIS PT ANA ELENA ÁLEX-AL		LORENA KAMEN	MARTA SEOANE MARTA BARROS ALOIA RAMÓN		CUIDA X LUZ	ANA CELEIRO MARIA ALONSO ELBA AL TVA		LORENA EUGENIA	YOLANDA MARTA BARROS ANA CELEIRO ÁLEX (MÚSICA)		LUZ* EUGENIA*	MARTA SEOANE ALOIA ALICIA AL TVA	
<b>1º e 2º</b> (12:00-12:30)	PATIO MIRIAM LAURA SONIA TAMARA AL 2/NEREA AMARA ELISA FON	XIMN. ELISA	FUTBOL. AMARA	PATIO X. CARLOS AMARA TANIA PABLO ANA M. COSTA M. ROMERO	XIMN. M.COSTA	FUTBOL. CRIS PT M. ROMERO	PATIO X. CARLOS C. TORO PABLO TANIA CARLA ELENA ELISA FON M. ROMERO	XIMN. ELISA	FUTBOL. ELENA TANIA	PATIO ALICIA MARÍA ALONSO ELBA KAMEN CUIDA X	XIMN. ELBA	FUTBOL. MOLI	PATIO MIRIAM AL 2/NEREA ÁLEX (AL) LAURA CRISTINA *M. COSTA	XIMN. *MJ SOTO	FUTBOL. LAURA CRISTINA *M. COSTA
	REUNIÓN PFPb- 12:30 REUNIÓN TVA-12:00									REUNIÓN 1º / 2º			*AS COIDADORAS ROTARAN PARA IR Á PISCINA SEGUN ACORDEN		
<b>FPB</b> (12:30-13:00)	PATIO LOLI M.SERODIO MARÍA (OR) BEA	XIMN. LOLI MARÍA (OR)	FUTBOL. M.SERODIO BEA	PATIO LOLI M. SERODIO LUCÍA JAVI	XIMN. LOLI LUCÍA	FUTBOL. M.SERODIO JAVI	PATIO M. SERODIO LAURA ORESTES ANXO	XIMN. M.SERODIO LAURA	FUTBOL. ORESTES ANXO	PATIO LOLI M. SERODIO MARTA LUIS	XIMN. LOLI	FUTBOL. M.SERODIO LUIS	PATIO LOLI IVÁN MÓNICA CONCHI	XIMN. LOLI IVÁN	FUTBOL. MÓNICA CONCHI
TRATEMOS DE SER PUNTAIS NAS HORAS DE INICIO E FIN DO RECREO. COMPROBEMOS O ALUMNADO OU ZONA QUE DEBEMOS VIXIAR.															

os que aparecen suliñados son os encargados de dar acceso aos servizos

TV	L	M	MÉR	X	V
MARIO IGLESIAS	CRIS PT	M. SEOANE	ANA CELE	YOLANDA	M SEOANE
BRUNO	ANA	ALOIA	M.ALONSO	MARTA B.	ALOIA
MAURO	ELENA	MARTA B.	ELBA	ANA CELE.	ALICIA
DAVID MOLINERO	ÁLEX AL	RAMÓN	AL TVA	ÁLEX MÚS.	AL TVA
MATEO	CRIS OCHO.	LORENA	CUIDA X	EUGENIA	LUZ
ENCARGAD@S DECISIÓN RECREO DENTRO OU FÓRA					

PRIMARIA/SECUNDARIA	L	M	MÉR	X	V
AROA	MIRIAM	X.CARLOS	PABLO	CUIDA X.	MIRIAM
MÍA	LAURA	AMARA	C.TORO	ALICIA	M.COSTA
JAVI	SONIA	TANIA	CARLA	M.ALONSO	AL2/NEREA
PEDRO B.	TAMARA	PABLO	X.CARLOS	KAMEN	ÁLEX
VIXIANCIA XERAL PARQUE INFANTIL			VIXIANCIA XERAL PARQUE BIOSALUDABLE		
VIXIANCIA XERAL XIMNASIO			VIXIANCIA XERAL FUTBOLÍN		

## **4. ORGANIZACIÓN DO CENTRO**

### **4.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA DO CENTRO**

#### ***4.1.1. Equipo directivo***

Directora: SONIA AMATRIAÍN SUÁREZ

Xefe de Estudos: PABLO ÁLVAREZ GONZÁLEZ

Secretario: IVÁN JOSÉ ANTELO CALO

#### ***4.1.2. Claustro de mestres***

	<b>MESTRE/A</b>	<b>ESPECIALIDADE</b>
1	Aldrey Blanco, Laura	PT
2	Alonso Domínguez, Ana María	PT
3	Alonso González, María	PT
4	Álvarez González, Pablo	PT
6	Álvarez Riesgo, Sandra	AL
7	Álvarez Rodríguez, Manuela	ORIENTACIÓN CORPO Secundaria
8	Amatriaín Suárez, Sonia	PT
9	Antelo Calo, Iván José	LAVANDARÍA
10	Barbero Muñoz, Yolanda	PT
11	Barros García, Marta	PT
12	Besada Álvarez, Marta	Xardinería
13	Bonifasi Lista, Mónica	PT
14	Castro Nogueira, Amara	PT
15	Celeiro López, Ana María	PT
16	Cendal Lago, Anxo Xesús	Xardinería
17	Conde Estévez, Miriam	PT
18	Correa González, Alicia	PT
19	Couso Alonso, Elba	PT
20	Domínguez Vello, Tania	PT

21	Fernández Traba, María	ORIENTACIÓN CORPO Primaria
22	García Torres, Andrea	Lavandería
23	González Campo, Xoán Carlos	PT
24	Iglesias Rodríguez, Aloia	PT
25	Lastra Val, Tamara	EF
26	Lebrero Álvarez, Carla	PT
27	Lorenzo Díaz, Alejandro	MÚSICA
28	Martínez Rodríguez, Concepción	PT
29	Mata López, Beatriz	AL
30	Otero Pérez, Orestes	REPROGRAFÍA
31	Pérez Morán, Laura	AL
32	Pérez Taboada, Cristina	PT
33	Ramilo Machado, Luis Manuel	PEITEADO
34	Rodríguez Santamaría, María Elena	PT
35	Seoane Alonso, Marta	PT
36	Tomé Castro, Javier	CARPINTERÍA
37	Toro Cabaleiro, M <sup>a</sup> del Carmen	PT
38	Troncoso Sobrino, Ramón	EF
39	Vaquero Vázquez, Alejandro	AL
40	Vázquez Lorenzo, Lucía	PT

#### **4.1.3. Consello escolar**

A composición do consello escolar é a seguinte:

Directora: SONIA AMATRIAÍN SUÁREZ

Xefe de Estudos: PABLO ÁLVAREZ GONZÁLEZ

Secretario: IVÁN JOSÉ ANTELO CALO

## REPRESENTANTES DO PROFESORADO

1. Mónica Bonifasi Lista
2. Ana María Celeiro López
3. M<sup>a</sup>. del Carmen Toro Cabaleiro.

## REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS

1. Pilar María Abades Rodríguez.
2. María Jesús Domínguez Senlle.
3. Susana María Pérez Román.
4. Paula Catarina Fernandes Meirim.

## REPRESENTANTES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS

1. Elisa Rodríguez Camiña
2. Eugenia Vilariño Varela.
3. María José García Serodio
4. Alfonsa García Congil.

## REPRESENTANTE DO CONCELLO

Concepción Amboage García.

## 4.2. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

### 4.2.1. *Equipos de ciclo*

PRIMARIA			
1	Álvarez González, Pablo	1ºA	Xefatura de estudos
2	Ana María Alonso Domínguez	1º B	Coordinadora TICs
3	Sandra Álvarez Riesgo	AL	EDLG
A efectos de coordinación e organización de ciclo, primaria e secundaria considéranse parte do mesmo ciclo.			
SECUNDARIA			
4	Rodríguez Santamaría, María E.	2ºA	TICs
5	Toro Cabaleiro, Carmen	2ºB	Biblioteca
6	Lebrero Álvarez, Carla	2ºC	Complementarias
7	Castro Nogueira, Amara	2ºD	Multisensorial
8	González Campo, Xoan Carlos	2ºE	Coordinador EDLG
9	Pérez Taboada, Cristina	2ºF	Coordinadora Biblioteca

10	Aldrey Blanco, Laura	2ºG	Coordinadora Formación
11	Amatriaín Suárez, Sonia	APOIO	Dirección
12	Conde Estévez, Miriam	APOIO	Multisensorial
13	Domínguez Vello, Tania	APOIO	Coordinadora SAAC
14	Lastra Val, Tamara	EF	Coordinadora de ciclo
15	Vaquero Vázquez, Alejandro	AL	SAAC
TVA			
16	Seoane Alonso, Marta	TVA A	Coordinadora Multisensorial
17	Iglesias Rodriguez, Aloia	TVA B	Coordinadora Plan Dixital
18	Barbero Muñoz, Yolanda	TVA C	Coordinadora de ciclo
19	Celeiro López, Ana María	TVA D	EDLG
20	Alonso González, María	TVA E	SAAC
21	Barros García, Marta	TVA F	Complementarias
22	Couso Alonso, Elba	APOIO	SAAC
23	Correa González, Alicia	APOIO	Biblioteca
		AL	
FPB			
24	Martínez Rod, Concepción	BÁSICAS	Complementarias
25	Bonifasi Lista, Mónica	BÁSICAS	TICs
26	Besada Álvarez, Marta	XARDIN A	
27	Cendal Lago, Anxo Xesús	XARDIN B	
28	Ramilo Machado, Luis Manuel	PELU	
29	Otero Pérez, Orestes	REPRO	
30	Antelo Calo, Iván José	LAVAND	
31	Tomé Castro, Javier	CARPIN	
32	Vázquez Lorenzo, Lucía	PREFPB	
33	Troncoso Sobrino, Ramón	EF	Coordinador complementarias
34	Mata López, Beatriz	AL	EDLG
TVA			
35	Álvarez Rodríguez, Manuela	Orientación	Pre-taller + PFFPb
36	Fernández Traba, María	Orientación	Primaria/secundaria/TVA

#### 4.2.2. Equipos e departamentos

A **Comisión de Coordinación Pedagóxica** estará formada de xeito permanente polas persoas que a continuación se detallan:

- **Sonia Amatiáin**, como directora do Centro
- **Pablo Álvarez**, como xefe de estudos
- **Tamara Lastra**, como coordinadora do ciclo de primaria e secundaria.
- **Yolanda Barbero**, como coordinadora do ciclo de tránsito á vida adulta.

- **Orestes Otero**, como coordinador de PFFPb.
- **María Fernández**, como orientadora de primaria, secundaria e TVA.(corpo de primaria)
- **Manuela Álvarez**, como orientadora de PRE-Taller e PFFPb. (corpo de secundaria).
- **Beatriz Mata**, como representante das mestras de Audición e Linguaxe de todos os ciclos.

Acudirán ás reunións de CCP cando por motivos pedagóxicos ou organizativos a dirección considere convinte convocalos as seguintes persoas:

- *Laura Aldrey*, como coordinadora de formación.
- *Ana María Alonso*, como coordinadora de TICs / Plan Dixital.
- *Tania Domínguez*, como coordinadora de SAAC.
- *Xoán Carlos González*, como coordinador do equipo de dinamización da lingua galega.
- *Cristina Pérez*, como responsable de Biblioteca.
- *Marta Seoane*, como coordinadora de Multisensorial.
- *Ramón Troncoso*, como coordinador de actividades complementarias e extraescolares.

Persoal que conforma os diferentes equipos/dinamizacións.

- **Formación:** Laura Aldrey (coordinadora)
- **Biblioteca:** Cristina Pérez (coordinadora), Carmen Toro, Lucía Vázquez, Alicia Correa, Alejandro Lorenzo.
- **TICs/Plan Dixital:** Ana Alonso (coordinadora), Elena Rodríguez, Aloia Iglesias, Mónica Bonifasi.
- **Multisensorial:** Marta Seoane (coordinadora), Miriam Conde, Amara Castro..
- **SAAC:** Tania Domínguez (coordinadora), Elba Couso, María Alonso, Alejandro Vaquero, Laura Pérez.
- **Dinamización da lingua galega:** Xoán Carlos González (coordinador), Ana Celeiro, Bea Mata, Sandra Álvarez Riesgo.

- **Actividades complementarias e extraescolares:** Ramón Troncoso (coordinador), Marta Barros, Concepción Martínez, Carla Lebrero.

## **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

Forman parte do Departamento de Orientación:

**Coordinadora primaria e secundaria:** Tamara Lastra Val

**Coordinadora TVA :** Yolanda Barbero Muñoz

**Coordinador FPB:** Orestes Otero Pérez

**Mestras AL:** Beatriz Mata López, Laura Pérez Morán , Sandra Álvarez Riesgo, Alejandro Vaquero Vázquez

**Xefe de Estudos:** Pablo Álvarez González

**Orientadora Secundaria e TVA:** María Fernández Traba

**Xefa do departamento de orientación:** Manuela Álvarez Rodríguez

Como invitadas, puntualmente, poderán acudir:

Fisioterapeuta: Victoria Alonso Pampín

Enfermeira: Noa Rodríguez Díaz

## **5. ALUMNADO**

Neste momento están escolarizados no centro 119 alumnos, máis 3 en combinada, que se distribúen en dúas modalidades educativas:

- a) Educación Especial (ciclos primaria, secundaria, TVA).
- b) Programas Formativos de Formación Profesional Básica

### **A.- EDUCACIÓN ESPECIAL**

Neste curso escolarizamos 62 alumnos/as (máis 3 en combinada) de 7 a 21 anos, agrupados en ciclos en función da súa idade:

- Primaria: 2 aulas con alumnado de 7 a 12 anos, cun total de 5 alumnos/as, 1 dos cales acoden en escolarización combinada
- Secundaria: 7 aulas con alumnado de 12 a 16 anos, cun total de 30 alumnos e alumnas, 2 deles en escolarización combinada

- Tránsito á vida adulta: 6 aulas con alumnado de 16 a 21 anos, cun total de 21 alumnos e alumnas.
- Novo taller de PRE FP. É unha aula con alumnado de 16 a 21 anos, cun total de 9 alumnos e alumnas. Que aínda estean matriculados en educación especial, a súa organización e funcionamento é coma as dos programas formativos.

## **B.- PROGRAMAS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA**

Neste ciclo escolarízanse 53 alumnos de 16 a 21 anos que están a cursar un dos seguintes programas:

- Xardinaría: 18 alumnos e alumnas
- Reprografía: 9 alumnos e alumnas
- Peiteado: 9 alumnas/o
- Carpintería: 8 alumnos
- Lavandaría: 9 alumnos e alumnas

### **Características máis salientables deste curso:**

- Durante este curso escolar, os ciclos de primaria e secundaria
- Tentarase facer os grupos o máis homoxéneos posibles, baixando a ratio daqueles que escolarizan alumnado con necesidades máis específicas.
- Sempre que sexa posible os alumnos permanecerán dous anos cun mesmo titor/a.
- Os grupos son flexibles, podendo modificarse despois de iniciado o curso, sempre que así o aconsellen posibles problemas e oportunidades de interrelación entre o alumnado, novas incorporacións ou necesidades do ciclo, que será o primeiro estamento encargado de facer a proposta de modificación
- Existen diferentes agrupamentos á hora de realizar as distintas actividades escolares, buscando sempre desenrolar os principios de participación e de socialización:
  - actividades individuais
  - actividades de grupo clase
  - actividades de ciclo/obradoiros
  - actividades de centro



## **6. PLAN DE TRABAJO DOS DISTINTOS EQUIPOS DE CENTRO**

### **6.1. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

#### **INTRODUCCIÓN**

Segundo o Decreto 374/1996, do 17 de outubro de regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria sinala que o equipo de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

*“Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe consideralas visitas, traballos de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes.”* (Artigo 69º, D 374/1996).

Por outra banda, *“teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, se realizan fora do horario lectivo”*. (Artigo 70º, D 374/1996).

Salientar que por mor da situación debido ao Covid-19, e atendendo á evolución do mesmo, neste momento valoráranse as saídas, actividades e celebracións a realizar atendendo ao cumprimento dos protocolos e velando pola saúde do noso alumnado e do noso persoal.

#### **COMPOSICIÓN DO EQUIPO**

O equipo estará formado polos seguintes mestres/as para o curso académico 2023/2024:

- O coordinador (PFFPB-EF): Ramón Troncoso Sobrino
- Representante de Primaria/secundaria: Carla Lebrero
- Representante de TVA: Marta Barros
- Representante de FPB: Concepción Martínez

#### **OBXECTIVOS**

Os obxectivos xerais do Equipo de actividades extraescolares e complementarias podemos resumilos en:

1. Contribuír ao desenvolvemento das capacidades dos alumnos/as relacionadas cos obxectivos xerais do proxecto curricular dos diferentes ciclos do centro, potenciando a súa preparación cultural e a súa formación integral.
2. Fomentar a participación activa do alumnado e conseguir que se sintan motivados cara as actividades culturais, deportivas e de lecer.
3. Animar aos diferentes departamentos ou equipos ao desenvolvemento de experiencias inderdisciplinares.
4. Apoiar aos departamentos en cantas actividades teñan programadas.
5. Facer chegar ao centro aquelas actividades propostas por outras institucións o entidades que teñan carácter educativo e cultural.
6. Informar ao resto do equipo e mestres/as de todas aquelas actividades que se pretenden realizar ou que se propoñan.
7. Facer que o centro sexa para o alumnado e profesorado un marco no que, ademais de ter lugar actividades académicas, poidan desenvolver os seus intereses culturais e sociais.
8. Reforzar e ilustrar os contidos das diferentes áreas.
9. Relacionar ao alumnado co seu entorno natural, social e cultural.

## **ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO**

O coordinador do equipo de actividades complementarias e extraescolares reunirse co seu equipo mínimo unha vez por mes, e tamén de forma extraordinario cando sexa necesario. Cada representante de ciclo será o responsable de transmitir a información das novas actividades ao resto de profesorado dese ciclo coa finalidade de pechalas o antes posible, así como de recoller as autorizacións asinadas e o diñeiro solicitado (se fora o caso).

Moi importante será tamén unha boa coordinación co Equipo de Normalización Lingüística para a planificación de datas sinaladas como o samaín, magosto, nadal, entroido, etc.

Para cada saída onde se teña que solicitar os servizos dos medios de transporte (autobús e/ou taxi), pedirase a cantidade de 4€ a cada alumno/a destinados a sufragar estes gastos. En caso de que a cantidade recadada non chegue, o centro pagará a diferenza.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTAESCOLARES

Baixo este epígrafe reúnense tódalas actividades que non tendo carácter estritamente escolar, teñen unha fonda implicación pedagóxica, xa que contribúen a lograr a formación integral do noso alumnado, obxectivo primordial que con elas se quere acadar.

### Cadro de saídas

Para este curso tentárase planificar, polo menos, as saídas que aparecen no cadro seguinte, tendo en conta as realizadas nos cursos anteriores. Ao longo do curso poderán deseñarse outras que serán reflexadas na memoria final de curso.

Visita a:	Primaria	Secundaria	TVA	PFFPB e PREFP
Excursión fin de curso	*	*	*	*
Actividades Afundación	*	*	*	
Actividades no supermercado		*	*	*
Parque de xogos	*	*	*	
Visita ó Concello	*	*	*	*
Rutas de sendeirismo	*	*	*	*
Actividades de N.L. Concello de Vigo	*	*	*	*
Saídas profesionais dos PF de FPB				*
Día da árbore (Comunidade de Montes)	*	*	*	*
Educación Viaria.	*	*	*	*
Bolera	*	*	*	*
Saída de Nadal (Visita ós Beléns)	*	*	*	*
Saídas do entorno	*	*	*	*
Aeroporto de Vigo				*
Cea de Nadal				*

## Celebracións escolares

➤ **Actividades de aula;** son as reflectidas na ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, que recolle as seguintes conmemoracións a celebrar:

- 20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
- Do 22 ao 26 de abril de 2024: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2024: Día de Europa.
- Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Medio Ambiente.

## ➤ **Actividades de Centro**

- Centro interese: "A maxia e a ciencia"
- Festas de aniversarios
- Día da música
- Samaín
- Magosto
- Nadal
- Día da Paz
- Entroido
- Semana da Prensa e Día do Libro.
- Os Maíos
- Semana cultural das Letras Galegas
- Día da árbore.
- Festa da auga
- Festa fin de curso

## **Concursos**

- Concurso de Beléns de Caixanova.
- Concurso de postais de Special Olympics.
- Aqueles outros que resulten de interese a súa participación.

## **Outras actividades**

- Actividades deportivas: parte do alumnado de PFFPB poderá, sempre dentro das súas posibilidades, participar nas actividades deportivas organizadas por FGDA. Esta actividade supón un gasto para as familias aproximado de 60€ por ano natural.
- Piscina: 20 alumnos/as do centro asisten voluntariamente a esta actividade que se leva a cabo na Piscina Municipal de Lavadores, durante os meses de Outubro a Maio, dentro do horario escolar, os venres de 10:30 a 12:30, sendo acompañados por persoal do Centro. O horario de permanencia na piscina é de 11:00 a 11:45.

Este ano ofrecerase a actividade a todo o alumnado de primaria, secundaria e TVA, facendo quendas entre eles no caso de que se superen as 20 solicitudes. Estas quendas estableceranse tendo en conta o grado de dependencia do alumnado, partindo de que a actividade conta con 6 monitores da piscina mais o profesorado voluntario. Durante a actividade, permanecerán dentro do vaso un mestre/a e un coidador/a

O medio acuático é un "elemento favorable" para estimular novos patróns de movementos, potenciar as capacidades físicas e axudar no proceso que conforma a súa evolución. Ademais de estas aportacións motoras, a auga exerce un influxo importante nos aspectos do desenvolvemento social, terapéutico e psicomotriz.

### **PLANS E PROXECTOS NOS QUE ESTÁ A PARTICIPAR O CENTRO.**

Durante o curso escolar 23-24 vanse solicitar os seguintes plans e proxectos ofertados por diferentes institucións:

- Plan proxecta:
  - Proxectos de Vida Activa e Deportiva: Móvete + e Máis e Mellor Actividade Física
  - Meteoescolas.
  - Nutriescolas.
- Contratos Programa (CPInlúe):
  - Convive-T
  - Inlúe-T
- Biblioteca Creativa.
- PLAMBE
- Radio na biblio
- DepoEmprende.
- Voz Natura.

## **1. AVALACIÓN.**

Ao finalizar cada unha das actividades farase unha avaliación das mesmas para comprobar en que grado se acadaron os obxectivos propostos. O coordinador ou coordinadora de ciclo que vaia á actividade ou calquera outro titor/a terá que cubrir una pequena enquisa coas seguintes cuestións:

1. Nome da actividade
2. Curso e número de alumnos.
3. Localidade, institución, entidade, local... onde se realizou a actividade.
4. Acadáronse os obxectivos propostos nesta actividade?.
5. A actividade resultou didáctica/formativa para o alumnado?
6. Cales eran as expectativas iniciais?
7. Cumpríronse esas expectativas?
8. Cambiarías algunha cousa?. Cales?.
9. Propostas de mellora para esta actividade.
10. Valora a actividade do 1 ao 10.

## **6.2. PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

### **XUSTIFICACIÓN**

Unha vez avaliadas as actividades de cursos anteriores e tendo en conta as propostas de mellora aportadas, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEE. Saladino Cortizo programa o traballo para o presente curso 2023-2024.

### **OBXECTIVOS**

#### **Obxectivos específicos**

1. Promover e dinamizar o emprego da lingua galega no alumnado, a fin de que adquiren o maior nivel de competencia lingüística funcional posible, da cordo coas súas características individuais.

2. *Garantir que o alumnado que empregue a lingua galega, como lingua nai e de uso común, manteña o uso da mesma no entorno escolar.*
3. Propoñer novas actividades en cumprimento dos obxectivos xerais propostos no Plan Lingüístico de Centro, que se concretarán na ADDENDA 2022-2023, e potenciaranse nun programa de fomento do uso do galego no noso centro.
4. Recordar ao principio de curso o acordo de centro sobre o uso do galego en función da normativa vixente (Decreto 79/2010) e as características do noso centro de educación especial rexido polo ROC 374/1996.
5. Elaborar e promover a realización de actividades encamiñadas á difusión e recuperación da lingua e realidade cultural galega, por parte de toda a nosa comunidade educativa (actividades feitas por diferentes organismos, actividades lúdico-festivas, etc).
6. Facer un traballo coordinado co resto de equipos do centro (Biblioteca, Actividades complementarias e extraescolares, SAAC, TICS...), co fin de optimiza os recursos e esforzos, en beneficio dun mellor uso da nosa lingua; como por exemplo nos festivais e nas conmemoracións sinaladas no calendario escolar (Samaín, Magosto, Nadal, Letras Galegas), etc.
7. Potenciar a participación das familias nas actividades propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
8. *Manter o funcionamento da radio escolar "O Saladino nas Ondas" (Biblioteca).*
9. Persuadir aos diferentes docentes de introducir o galego nas actividades conxuntas como o teatro, contacontos, xornadas de cine...
10. Fomentar os concertos de música en galego, tentando de implicar a diferentes organizacións como por exemplo a Unión Musical de Cabral, etc, ou calquera outra entidade musical sen ánimo de lucro que velen por transmitir a cultura galega.



11. Facer unha posta en valor de aspectos propios da cultura galega de Vigo a través da tradición de Entroido e a Conmemoración da "Reconquista" de Vigo.
12. Potenciar a participación en Concursos de centro con incentivos e premios non só para os gañadores, se non para todos os participantes, como por exemplo nos Xogos Florais, facendo non só un concurso literario, senón tamén de debuxo para que poida participar o alumnado que non domina ou carece de acceso a lecto-escritura.
13. Participar na nova convocatoria de Faro da Escola en colaboración co Faro de Vigo elaborando un xornal.
14. Editar unha revista escolar que sexa unha recompilación das actividades realizadas durante o curso 2023-2024, con especial atención ao eixo temático do centro para este ano: "A maxia, e a ciencia", cunha edición progresiva ao longo do curso.
15. Seguir un ano máis en "Nós tamén creamos" do plan Proxecta, na procura da realización de curtas en galego.
16. Promover o uso da nosa páxina web mediante a publicación de todos os traballos e actividades levadas a cabo para o uso e disfrute tanto dos nenos como das familias.

## **MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

Partindo das liñas xerais de actuación para o fomento do uso da lingua galega, propóñense liñas de actuación máis concretas que se expoñemos a continuación:

O emprego normalizado do galego por parte de toda a comunidade educativa propiciará que o alumnado teña unha visión positiva deste. Tendo en conta que unha parte importante do noso alumnado ten limitadas as súas capacidades comunicativo-lingüísticas, será importante que exista unha boa planificación e programación tanto de centro coma de aula.

## 1. Medidas a nivel de centro:

As medidas adoptadas para o fomento da lingua galega a nivel de centro levaranse a cabo en torno a unha serie de actividades que se realizarán conxuntamente. Cada un dos membros do EDL farase responsable das devanditas actividades.

Algunhas das actividades propostas son as seguintes:

### ➤ **Radio Escolar "O Saladino nas ondas".**

*Conectarase durante os recreos para informar de noticias relacionadas co día a día do colexio, reproducir cancións en galego e escoitar Radio Galega Música.*

### ➤ **Panel dos Parabéns.**

A primeiros de mes, confeccionarase o panel de parabéns no que se exporán os rapaces que están de cumpleanos. No mesmo, colgaranse tarxetas de parabéns en galego, elaboradas polo propio alumnado.

### ➤ **Concertos de música galega e en galego.**

Promoveremos concertos ofrecidos por diferentes entidades, onde se promova a escoita de música tradicional galega, ou en galego. Por exemplo, no Magosto música tradicional, no Nadal panxoliñas populares galegas, etc.

### ➤ **Celebración de festas populares galegas.**

En coordinación cos distintos Equipos organizaremos as distintas celebracións: Samaín, Magosto, Día da Paz, Día da árbore, Entroido, Xogos Populares, Maio cultural.

Todo o alumnado participa en maior ou menor medida na elaboración de diferentes recursos e materiais.

### ➤ **Contacontos e teatro en galego.**

Coa participación de profesorado preferentemente pero tamén alumnado, fomentarase a lectura de contacontos en galego, podendo traer ata o colexio algún ou algunha contacontos sempre que se poida, así como a realización da obra de teatro en galego. Resultará motivante para o alumnado e divertido de cara a fomentar o uso do galego.

### ➤ **Exposicións en galego.**

Empregarase a lingua galega como vehículo de expresión nos carteis, murais e exposicións que se fagan no centro, sobre todo neste ano con motivo do tema central "A música". Faranse exposicións de froitos e produtos de Outono, de postais de Nadal en Galego realizadas para os certames de Nadal, etc. Haberá exposición dos carteis en homenaxe ao autor ou autora homenaxeado no Día das Letras Galegas, etc.

➤ **Revista Escolar "Tartaruga".**

Facendo unha recompilación dos traballos máis sobresaíntes ou orixinais levados a cabo ao longo do curso e sempre redactada en lingua galega. Coa nosa participación no **Faro da Escola**, elaboraremos periódicos colaborando co Faro de Vigo.

➤ **Maio Cultural.**

Ao longo do mes de maio e co motivo da celebración do Día das Letras Galegas, levaranse a cabo distintas actividades para conmemorar á persoa a quen se dedique. Convocaranse os Xogos Florais, e na medida do posible tentaremos levar a cabo distintos Xogos Populares.

➤ **Documentación en galego.**

Toda a documentación que se xere no centro, tanto interna coma externa, será elaborada en galego (circulares informativas, menús, horarios, carteis...)

➤ Manter denominacións en galego de actividades e espazos comúns

O EDLG prantexa que os espazos comúns como brincadeiro, ximnasio, cociña, corredores,

## 2. Medidas a nivel de profesorado:

Coa finalidade de fomentar o uso do galego por parte do profesorado na comunicación co alumnado, e dende o EDL, levaranse a cabo as seguintes actuacións: apoio e coordinación sobre o fomento do uso do galego, para facilitar o cumprimento da normativa lingüística vixente, e recordar os acordos tomados sobre o uso das diferentes linguas cooficiais nas distintas áreas das ensinanzas que se levan a cabo no centro. Programar actividades nas que se materialicen as liñas de actuación de fomento do uso do galego, en colaboración cos diferentes profesionais do centro.

### **3. Medidas a nivel de alumnado:**

Para fomentar o uso do galego entre o noso alumnado, a adquisición dun vocabulario máis amplo e o desenvolvemento das súas habilidades comunicativas e lingüísticas, así coma no uso de Sistemas Alternativos e Aumentativos de Comunicación, propoñemos as seguintes medidas: escoitar música galega, tanto na radio escolar, na aula de referencia coma na de Educación Musical; aprendendo cancións en galego. Visualización de filmes en lingua galega na hora dedicada ao vídeo. Sesións de contacontos en galego e representacións teatrais. Desenvolver certas unidades didácticas en galego, especialmente as relacionadas coas festas e actividades organizadas dende este equipo: Samaín, magosto, letras galegas, maíos... Recursos do centro en galego como o menú escolar, aniversarios, os días da semana,...

### **METODOLOXÍA**

A nosa metodoloxía vai encamiñada a fomentar a expresión e comunicación en Lingua Galega, dun xeito natural e espontáneo.

A motivación do alumnado será o noso principal obxectivo, polo que planearemos actividades o máis lúdicas e divertidas posibles. Pensamos que o arte nos pode axudar a perseguir este obxectivo.

Empregaremos actividades visuais e comunicativas como vehículo de transmisión da cultura galega, facendo fincapé no cine, no teatro e nas artes escénicas.

Como actividades literarias promoveremos a lecto-escritura, os contacontos, e a interpretación de diálogos na aula.

En canto as artes plásticas e visuais, tentamos promover os coñecemos propios da entorna coma a cerámica do barro, os cesteiros, o tratamento do coiro... Por outra parte, no arte musical tentaremos interpretar distintas composicións instrumentais en galego e aprender diferentes coreografías típicas como a muiñeira, a xota, soltos...

A **metodoloxía por proxectos** servirá de base para a elaboración de traballos en pequeno e gran grupo de xeito que a partires de pequenas colaboracións de todos, fagamos grandes cousas, como as exposicións, decoracións, libros, cantos, bailes, etc. Somos partidarios dos agrupamentos heteroxéneos e do modelado de cara a fomentar a participación de todos na creación de arte en galego e a promoción da lingua e cultura de Galicia.

## **TEMPORALIZACIÓN**

O presente proxecto terá unha duración anual.

A temporalización estará supeditada as distintas festividades e conmemoracións máis habitualmente traballadas na aula, facendo fincapé nas referentes á cultura galega.

Integrar o galego na práctica docente e no proceso de ensinanza-aprendizaxe do noso colexio e un dos obxectivos desta programación, polo que pretendemos que a meirande parte das actividades de dinamización da lingua galega e as programacións de aula.

## **RECURSOS**

Para a posta en marcha deste proxecto contarase cos seguintes recursos:

- a. Recursos humanos: o equipo de dinamización lingüística como responsable do deseño e a posta en marcha das actividades. O resto do profesorado do centro como dinamizadores das actividades, para o que contarán coa colaboración do persoal coidador, moi importante como persoal de apoio. E as familias, como colaboradoras nas actividades que se propoñen.
- b. Recursos materiais: os necesarios para cada actividade que se plantexe, tódolos propios do centro máis o material que se merque con cargo a este proxecto.

## **AVALIACIÓN**

### **Avaliación inicial.**

Farase unha avaliación inicial valorando o traballo feito os cursos anteriores e

tendo en conta as propostas de mellora, e así establecer obxectivos específicos e liñas de acción concretas para este curso en función dos obxectivos e liñas de acción xerais contempladas no Proxecto Lingüístico 2017-2023.

### **Avaliación do proceso.**

Avaliarase cada unha das actividades tendo en conta criterios como o grao de participación e acollida do alumnado; o grao de implicación dos axentes implicados (alumnado, profesorado, familias); grao de interese amosado polo alumnado; custe económico preferentemente baixo dos recursos empregados; conveniencia da actividade na temporalización xeral do curso; grao de dificultade para a posta en marcha da actividade e aspectos a mellorar de cada actividade e dificultades atopadas.

### **Avaliación final.**

Tras unha análise exhaustivo das dificultades atopadas nas distintas actividades e das propostas de mellora aportadas polos distintos membros do Equipo tentaremos remodelar e innovar nas novas tarefas do seguinte curso.

Propoñer novas actividades tendo en conta os resultados obtidos co fin de favorecer o bo desenvolvemento e evitar as dificultades atopadas para a súa realización por parte do noso alumnado.

Deste xeito, cada ano poderemos ampliar o noso repertorio de actividades exitosas e ir suprimindo as que presenten maiores complicacións.

## **6.3. PLAN TIC**

O equipo de TIC para este curso está integrado polos seguintes membros:

- Ana María Alonso Domínguez (representante primaria e coordinadora TIC)
- María Elena Rodríguez Santamaría( representante secundaria)
- Aloia Iglesias Rodríguez (representante de TVA)
- Mónica Bonifasi Lista (representante PFFPB)

## 1. Introducción

O sistema educativo non pode quedar fóra dos novos cambios sociais, económicos e tecnolóxicos. Polo tanto, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, agora modificada pola Lei orgánica 3/2020 do 29 de decembro, inclúe importantes referencias ao tratamento das TIC, tanto no Preámbulo como nos principios, obxectivos, contidos e na formación do profesorado. Así inclúe ás TIC como competencia básica a desenvolver en toda a educación obrigatoria.

Neste marco de actuación, a integración das tecnoloxías da información e a comunicación é unha esixencia da sociedade expresada na nova Lei orgánica de educación. Requisito destinado a garantir que as novas xeracións saquen o máximo proveito dos cambios que a sociedade da información está a producir, coa incorporación de ferramentas de Internet e multimedia en centros educativos, dando así un paso máis con respecto a competencia e estratexia dixital, garantizando que o sistema educativo favorecerá a plena inserción do alumnado na sociedade dixital a través dun uso crítico e seguro dos medios dixitais.

Polo tanto, é necesario recoller nun plan de traballo as liñas básicas de actuación, acordadas e asumidas pola Comunidade Educativa, que promovan a integración das TIC no día a día nas nosas aulas, converténdolas nun instrumento útil para o desenvolvemento de tódalas habilidades básicas e de mellora nos procesos de ensino-aprendizaxe.

## 2. Contextualización

### Datos do centro

<b>Nome</b>	CEE SALADINO CORTIZO
<b>Enderezo</b>	Carballal, 60 – Cabral – Vigo
<b>Web</b>	<a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceesaladinocortizo/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceesaladinocortizo/</a>
<b>Correo</b>	<a href="mailto:cee.saladino.cortizo@edu.xunta.gal">cee.saladino.cortizo@edu.xunta.gal</a>
<b>Aula Virtual</b>	<a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceesaladinocortizo/aulavirtual/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceesaladinocortizo/aulavirtual/</a>

## 2.2. Características da contorna a nivel dixital

En xeral, a competencia dixital das familias é baixa, facendo un uso básico, centrado no emprego cotiá dos dispositivos, e carecendo de ferramentas de control parental e de competencias para un uso responsable e seguro das redes, o que dificulta a educación dixital no fogar. Ademais, hai que ter en conta o acceso limitado a internet e a escaseza de recursos dixitais cos que contan nos fogares. Segundo os resultados da enquisa realizada o curso pasado, á que respondeu o 63% das familias, arredor do 60% contan con teléfono, sendo este o dispositivo máis usado, e rede móbil; o 40% ten acceso á fibra e o 8% conexión por ADSL. O 40% do alumnado conta con tabletas no fogar, na maioría dos casos mercadas coa beca a través do centro, e só o 33% delas conta con portátil e o 19% con ordenador de mesa na casa. A isto débese a falta de uso da aula virtual e a páxina web do centro, habendo unha maior interacción a través das RRSS, ás que é moito máis sinxelo acceder a través dos teléfonos móbiles.

## 2.3 Identificación do equipo TIC

O equipo de dinamización das TIC estará composto por un coordinador/a e un representante de cada ciclo. Dentro do horario lectivo o/a coordinador/a TIC dispón dunha hora semanal para a coordinación do equipo na que se traballa para acadar os distintos obxectivos plantexados no plan. Ademais, os distintos membros do equipo adicarán tempo das súas horas de garda para realizar tarefas relacionadas co equipo de dinamización das TIC.

Mensualmente celebrarase unha reunión de equipo para coordinar as novas actuacións e revisar as xa feitas; aínda así, por medio do correo electrónico ou canles do móbil, manterémonos informados de calquera incidencia ou tarefa a realizar.

En canto as **funcións** do equipo destácanse as seguintes:

- Coordinar e resolver as incidencias coa empresa de mantemento Dismega.
- Asistir a conferencias e congresos en nome do Centro relacionadas coas TIC.
- Manter e actualizar as plataformas corporativas e non corporativas do centro.
- Manterse actualizados e responder ás esixencias actuais no avance da competencia dixital.
- Promover o uso de recursos dixitais no centro.
- Empregar plataformas dixitais que impliquen a creación de contido e de recursos didácticos adaptados ás necesidades do alumnado.



- Recoller as necesidades formativas dos compañeiros/as e promover a súa participación en actividades de formación así como a titoría entre iguais no uso de recursos TIC.
- Asesorar á comunidade educativa e promover propostas que impliquen o uso das TIC.

### **3.Obxectivos**

- Xestionar o mantemento e actualización continua das plataformas, recursos e equipos informáticos do centro.
- Visibilizar as actividades e proxectos desenvolto no centro.
- Manter actualizadas a páxina web, aula virtual e redes sociais do centro.
- Colaborar na posta en marcha do Plan de Dixitalización.
- Fomentar o uso de ferramentas e recursos dixitais no proceso de ensinanza-aprendizaxe entre o profesorado.
- Coñecer e fomentar o uso de novos contornos virtuais de colaboración e aprendizaxe entre o profesorado.
- Crear bancos de recursos e actividades que impliquen o uso das TIC e informar ao profesorado da súa existencia.
- Facilitar ao profesorado o acceso á formación e capacitación dixital, suxerindo formacións a través do PFPP.
- Integrar as TIC na práctica docente e no quefacer diario.
- Empregar ás TIC como ferramenta de comunicación e intercambio de información coas familias e o resto da comunidade educativa.

### **4.Actuacións**

- Continuación das actuacións que se realizaban no curso anterior.
- Resolución de incidencias e asesoramento do profesorado para a resolución das mesmas.
- Organización dos recursos das aulas TIC do centro.
- Actualización do inventario TIC do centro (equipos, recursos educativos e software).

- Creación de contido audiovisual para a promoción e difusión de actividades a través da páxina web e outras ferramentas dixitais (facebook e instagram).
- Colaboración no desenvolvemento e consecución das accións do plan de dixitalización do centro.
- Busca de programas e ferramentas dixitais que faciliten a consecución dos obxectivos marcados nos diferentes ciclos.
- Elaboración de recursos interactivos que faciliten o uso do ordenador, PDI, tablets, smartphones.... como medio de integración, cooperación e de expresión das propias ideas.
- Creación de bancos de recursos dixitais (educativos, de xestión, de comunicación...) para o equipo docente.
- Información ao profesorado de formacións de interese relacionadas coas TIC e colaboración e participación nas liñas de formación relacionadas coa competencia dixital a través dos PFPP.
- Implicación da comunidade educativa na comunicación e a colaboración a través das plataformas dixitais corporativas.

## **5. Metodoloxía: tratamento das TIC**

Ademais do indicado nas respectivas programacións de ciclo e aula, a posta en práctica destas actuacións e actividades respectará os principios metodolóxicos que se mencionan a continuación. Fomentar a participación activa do alumnado en todo o proceso a través de diferentes agrupamentos, respectando os tempos necesarios para o erro, reflexión posterior e reconstrución do seus esquemas cognitivos. Aproveitarase o aspecto motivador das TIC evitando caer na monotonía en actividades excesivamente rutineiras ou sen valor educativo cunha mera labor expositiva, aplicándoas como medio didáctico e funcional no día a día. Partirase en todo caso de eidos de coñecemento próximos ao alumno/a como punto de partida para a súa introdución nas TIC. Fomentarase o intercambio de ideas e experiencias entre os docentes implicados coa mediación do coordinador/a TIC. Facilitarase o seu uso como medio para facilitar a xestión a nivel de centro e como vía de comunicación coa comunidade educativa, especialmente coas familias. As actividades planeadas serán significativas á hora de establecer a metodoloxía,

polo que debemos ter en conta o papel do profesorado, o papel do alumno e a atención á diversidade.

Deste xeito, as TIC abordaranse tanto no contexto de aula a través de actividades concretas segundo o considere cada titor/a; coma nos obradoiros TIC de cada ciclo a partir da detección de necesidades no eido dixital e do plantexamento de accións para a consecución dos obxectivos plantexados na programación do obradoiro de cada ciclo.

## **7. Protocolo de uso dos recursos**

O desenvolvemento deste plan está intrínsecamente ligado á subministración de infraestruturas e recursos necesarios para acadar os obxectivos fixados nela. Da organización e xestión deles, dependerá en gran medida da súa eficacia, xa que a planificación de actividades e o desenvolvemento dos contidos estará suxeito á presenza ou non de medios e a súa dispoñibilidade.

En canto ao inventario de todos os recursos tecnolóxicos realizarase ao final de cada curso escolar para deixar reflectido todos os materiais que temos no centro. Deste xeito, a comezos de cada curso farase a revisión dos recursos rexistrados e actualizarase a distribución dos mesmos en función dos cambios organizativos a nivel de centro.

Os recursos quedarán almacenados nas aulas TIC do centro (pasadizo laranxa e azul). Algúns deles, como son as pantallas interactivas e os portátiles, serán de uso exclusivo en ditas aulas, agás os portátiles do alumnado do pasadizo laranxa, que poderán empregarse nas aulas cando se precise, sempre e cando non coincida coas horas dos obradoiros TIC. O resto de recursos como xogos de realidade aumentada, programación, materiais manipulativos e STEAM, así como os adquiridos dos Polos Creativos, poderán sacarse da aula TIC e empregarse nas aulas do alumnado ou na biblioteca. Para isto, contamos cunha libreta de préstamos no que cada docente deberá especificar qué material vai sacar da aula, qué día o colleu, en qué aula está e cando o devolva, poñer qué día o fai, así haberá un seguimento do uso dos recursos e sempre estarán controlados evitando posibles incidencias.

## **8. Avaliación**

Tomarase como punto de partida as necesidades detectadas e propostas feitas o curso anterior para así contribuir na consecución dos obxectivos plantexados.

Ao longo do curso realizarase un seguimento continuado a través da observación directa e sistemática e uso de rúbricas (a través de ítems) para avaliar o proceso en relación aos obxectivos do presente plan. Ao final de cada curso escolar realizaranse a avaliación final da aplicación das TIC no centro. A súa vez realizarase unha enquisa ao profesorado para avaliar as actuacións e realizarase a memoria final que recolla as principais actuacións desenvoltas e propostas de mellora de cara o seguinte curso.

Para iso será necesario revisar:

- Nivel de consecución dos obxectivos (revisar os acadados e os incumpridos) e o cumprimento das actividades suscitadas.
- Estratexias de mellora que se adoptarán para acadar os obxectivos non conseguidos.
- Aspectos da organización como as funcións e horario do coordinador/a, a distribución espacial e temporal dos equipos...
- O cumprimento das liñas metodolóxicas plantexadas no plan.
- A relación dos contidos traballados e os recursos utilizados para o seu desenvolvemento.
- O plan, realizando as modificacións que se consideren oportunas de cara a un novo curso escolar.

É dun xeito máis concreto:

### **Avaliación do centro:**

- Se os recursos son axeitados e utilízanse de xeito correcto.
- Se existe implicación nas TIC..
- Se se cumpren os obxectivos propostos.

### **Avaliación do profesorado:**

- Se participou activamente no uso das TIC como recurso didáctico.
- Se participou activamente no desenvolvemento da web.
- Se se puxo en marcha e se lle deu uso a aula virtual.

- Se os recursos da aula foron axeitados.
- Se os resultados obtidos foron satisfactorios.

### **Avaliación dos alumnos:**

- Se utilizaron as TIC para comunicarse, expresarse e relacionarse, non só como unha ferramenta de axuda para potenciar os seus aprendizaxes, senón integrada no seu facer diario.
- Se mellorou a súa autonomía no uso das TIC e a súa aplicación na vida cotiá.

## **6.2 PLAN DIXITAL DE CENTRO**

O equipo de dinamización do Plan Dixital está composto por:

- Sonia Amatriaín Suárez (directora)
- Ana María Alonso Domínguez (representante primaria)
- María Elena Rodríguez Santamaría( representante secundaria)
- Aloia Iglesias Rodríguez (representante de TVA e coordinadora do Plan Dixital)
- Mónica Bonifasi Lista (representante PFFPB)

### **1. Xustificación**

O plan dixital do centro toma como referencia o seguinte marco lexislativo:

- A Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, de educación, establece que "As administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensinanza e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas." (Artigo 111.5).
- A Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación, recolle no seu prólogo a adopción dun compromiso decidido cos obxectivos educativos plantexados pola Unión Europea e a UNESCO. Entre eles propoñíase a mellora da

capacitación dos docentes e garantir o acceso de todos ás tecnoloxías da información e a comunicación.

- A Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 nas disposicións xerais propón dentro das súas medidas o uso das TIC como recurso didáctico.
- A Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 propón como un dos seus obxectivos "Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación".

-

## **2. Plan de acción**

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción ten en conta os recursos materiais e humanos dispoñibles no momento de elaboración do presente Plan Dixital.

O Plan de Acción que se expón a continuación supón unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles na actualidade tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

### **- Obxectivos, indicadores e accións**

A partir do resultado DAFO o Equipo de Dinamización do Plan Dixital priorizou as necesidades detectadas nas diversas áreas do marco europeo para organizacións educativas dixitalmente competentes (en adiante Dig CompOrg) e diagnosticou os diversos ítems a mellorar, que se especifican na seguinte táboa

Nº	ÍTEMS	ÁREAS
1º	F5. Colaboración do alumnado	Pedagogía: implementación na aula
2º	D2. Participación en el DPC	Desenvolvemento profesional continuo
3º	G1. Avaliación das capacidades	Prácticas de avaliación
4º	E2. Creación de recursos dixitais E3. Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe	Pedagogía: apoios e recursos
5º	H1. Comportamento seguro H3. Comportamento responsable H5. Verificar a calidade da información	Competencia dixital do alumnado
6º	C14. Espazos físicos C16. Biblioteca/repositorios en liña	Infraestrutura e equipamento
7º	Favorecer a competencia dixital das familias	Outras áreas

Táboa 11. Área e ítems do informe SELFIE prioritarios.

Os obxectivos plantexados no plan de acción son os seguintes:

- Obxectivo 1: Fomentar o uso da aula virtual como ferramenta didáctica e de almacenamento de recursos por parte do profesorado e como medio para a mellora da competencia dixital do alumnado.
- Obxectivo 2: Empregar ferramentas para a creación de recursos interactivos e imprimibles que apoiem o proceso de ensinanza aprendizaxe e o proceso de avaliación
- Obxectivo 3: Ofertar ás familias e ao alumnado talleres, guías e/ou información para promover o uso seguro e responsable da rede e as RRSS na vida diaria
- Obxectivo 4: Reestruturar os espazos das aulas TIC e adquirir ou actualizar e renovar os recursos da mesma para facelas máis accesibles e flexibles, ofertando maior variedade de actividades adaptadas ás características e necesidades do alumnado
- Obxectivo 5: Empregar ferramentas corporativas colaborativas tipo agueiro

Con respecto ás accións relativas a cada un dos obxectivos, pódense consultar no Plan Dixital de Centro

### 3. Avaliación do plan

A través do PDC propoñemos unha serie de obxectivos que haberá que acadar nun tempo determinado durante o curso 2023/24.

A avaliación **dos obxectivos propostos**, farémolo do seguinte xeito e despois engadiremos as conclusións neste documento:

1. **Faremos unha táboa de avaliación no que se inclúa cada obxectivo proposto.** No noso caso, cinco obxectivos.
2. **Esta táboa serve para avaliar todos os obxectivos propostos nesa liña estratéxica.** Na táboa engadiremos o obxectivo e as accións relacionadas co mesmo e cos indicadores de logro según os seguintes niveis de consecución: **Acadado, aprazado ou pendente.**
3. **Finalmente, iniciaremos o proceso de reflexión e poremos por escrito aquelas melloras que nos gustaría propoñer para os obxectivos que o requiran, do seguinte xeito:**
  1. Que valoración global fai o profesorado da súa aplicación na aula? E o equipo directivo e os membros do equipo do plan dixital?
  2. Manterase o obxectivo?
  3. Coa súa implantación, convertéronse en novos obxectivos específicos ou derivados da mesma?
  4. É necesario engadir actuacións? Quitar? Modificar os existentes?
  5. É necesario concretar con máis detalle aspectos relativos aos responsables, temporalización ou avaliación?
  6. Tendo en conta o obxectivo proposto, parécenos oportuno presentar outros novos que completen e melloren a experiencia deste primeiro?

Avaliarase tanto o proceso, como a consecución do obxectivo ao final do propio proceso. Polo tanto estableceranse dous tipos de avaliación:

#### - **Avaliación procesual:**

Realizarase **ao final de cada trimestre** e incluirán o estado da execución das accións, a análise e a valoración dos resultados. De ser o caso, tamén as posibles modificacións das accións (e os motivos) e as propostas de mellora:



AVALIACIÓN PROCESUAL						
ACCIÓNS	AE	AM	ASE	NA	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1º trimestre						
AO 3.1						
AO 4.1						
AO 5.1						
AO 5.2						
2º trimestre						
AO 3.2						
AO 3.3						
3º trimestre						
AO 1.1						
AO 1.2						
AO 1.3						
AO 2.1						
AO 2.2						
AO 2.3						
AO 4.2						
AO 4.3						
AO 5.3						

Táboa 13. Rúbrica de Escala de Likert con 4 niveis

Nota: AE (Acadado con éxito); AM (Acadado con Modificacións); ASE (Acadado Sen Éxito); NA (Non Acadado)

- **Avaliación final:**

Realizarase a final de curso e incluírá a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora:

AVALIACIÓN FINAL				
VALOR PREVISTO	Realizada	Aprazada	Pendente	PROPOSTAS DE MELLORA
Obxectivo 1				
Obxectivo 2				
Obxectivo 3				
Obxectivo 4				
Obxectivo 5				

Táboa 14. Rúbrica tricotómica para a avaliación final segundo o valor previsto para cada acción.

#### 4. DIFUSIÓN DO PLAN

Neste ámbito será necesario definir os protocolos ou estratexias que serán necesarios para organizar as revisións do plan e aplicar as actualizacións oportunas, así como publicitar e difundir o plan dixital entre a comunidade educativa.

PROTOCOLOS OU ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DIXITAL			
Acción	Destinatarios	Canle	Responsable
Difusión do Plan ao Claustro	Claustro de profesorado	Na primeira reunión de claustro informar ao equipo docente	Coordinador/a TIC
Difusión á Comunidade Educativa*	Comunidade Educativa	Inclusión do Plan Dixital na PXA e difusión do mesmo na web do centro	Equipo directivo
		Visualización a través da Plataforma EduCalidade	Coordinador/a TIC
Difusión ás familias	Familias	Na reunión xeral de familias a comezo de curso informárase do proxecto e as accións nas que estarán implicadas	Equipo directivo

*Nota\*: daráselle publicidade e difusión entre toda a comunidade educativa por medio da súa publicación na páxina web do centro dentro do bloque "O centro" no elemento do menú "Documentos de centro". Así mesmo, o PD poderase visualizar a través da plataforma EduCalidade no apartado "Plans dos centros" no seguinte enlace sen necesidade de conectarse <https://www.edu.xunta.gal/educalidade/>.*

Táboa 15. Protocolo de difusión do plan dixital

#### **6.4. SISTEMAS ALTERNATIVOS E AUMENTATIVOS DE COMUNICACIÓN**

##### **INTRODUCCIÓN**

Os Sistemas Aumentativos e Alternativos de Comunicación (SAAC) son o conxunto de recursos, sistemas e estratexias dirixidos a facilitar a comprensión e expresión daquelas persoas que presentan dificultades na comunicación e na linguaxe.

Por elo, a utilización dos diversos SAAC no centro permiten que o noso alumnado consiga unha maior comunicación funcional para expresar as súas necesidades,

pensamentos, opinións e emocións desenvolvendo así unha maior integración social e unha maior autonomía e independencia.

Debido a isto, xurde a necesidade da creación do equipo SAAC o cal busca optimizar recursos tanto materiais como persoais relacionados co coñecemento, creación e manexos dos diversos SAAC utilizados por toda a comunidade educativa do centro. Para elo dende o equipo é imprescindible a labor de dotar o profesorado de formación e recursos necesarios, implementar os diversos SAAC no alumnado segundo as súas características e necesidades persoais e facer do centro un entorno accesible.

En canto a PXA non debemos esquecer que este documento ten un carácter revisable e modificable a través das diversas avaliacións periódicas feitas dende o equipo á comunidade educativa co fin de desenvolver a nosa labor docente no relativo aos SAAC co fin de acompañar no desenvolvemento persoal, social, comunicativo e emocional do noso alumnado.

## **OBXECTIVOS**

Os obxectivos que no presente curso 2023-2024 se pretenden acadar dende o equipo de SAAC son:

- Ofrecer recursos e sistemas de comunicación adecuados ás características persoais de cada alumno/a.
- Desenvolver melloras na autonomía e na comunicación do alumnado do centro.
- Unificar criterios de centro respecto a importancia dos SAAC buscando unha visión común.
- Economizar esforzos, recollendo, coordinando e compartindo todos os traballos realizados tanto polo equipo así como tamén polos demais mestres do centro, incluíndo tamén materiais elaborados polo persoal externo que poidan resultar de interese e axuda para o noso alumnado.
- Fomentar a utilización da carpeta de drive de SAAC como un entorno onde atopar materiais, recursos, información, actividades, etc. actualizados, que sexan de

interese para o desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe do noso alumnado.

-Impulsar a formación do profesorado respecto a utilización dos SAAC sobre todo aqueles máis innovadores.

-Aumentar a participación do equipo SAAC na adaptación de materiais, recursos ou actividades deseñadas para a celebración de distintas festividades.

## **ACTIVIDADES**

Tendo en conta as actividades realizadas ata o momento e a memoria do curso anterior algunhas das actividades que se levaron a cabo e se levarán son:

1- RENOVACIÓN e ACTUALIZACIÓN dos recursos cos que conta o centro (paneis, axendas, fotografías, calendario, arquivos do Google Drive, etc.

- Renovar/actualizar fotos de alumnado e persoal.
- Renovar/actualizar carteis das portas das aulas.
- Revisar e actualizar carteis dos espazos en Lingua de Signos.
- Renovar o panel de transporte en colaboración co FPB de reprografía e carpintería.
- Revisar/actualizar os pictogramas do calendario da entrada.
- Actualizar mensualmente o calendario da entrada en colaboración e coordinación cos ciclos de EP/ESO e TVA.
- Renovar o panel do calendario da entrada por un novo en colaboración co FPB de reprografía e carpintería.
- Actualizar o plano xeral, os planos dos corredores e o plano de evacuación do centro.
- Renovar os carteis de saídas de emerxencia en colaboración co FPB de reprografía
- Actualizar mensualmente a planilla do menú do comedor adaptado con fotografías.
- Revisar e actualizar as imaxes das comidas para o menú do comedor ante novas propostas.

- Actualizar diariamente o menú de comedor coas clases voluntarias de ESO e TVA.
- Actualizar e reorganizar a carpeta SAAC de Google Drive de forma que sexa máis accesible e teña recursos actualizados.
- Actualizar o apartado SAAC da web do colexio a portando novas ideas e información.
- Revisar os pictogramas utilizados na aula na procura de seguir unificando pictogramas de uso común para o centro.
- Renovar pictogramas dos espazos comúns ao igual que se fixo co obradoiro de cociña.

## **2-INFORMACIÓN:**

- Informar ao profesorado de todas as actividades levadas a cabo dende o equipo: nas reunións, taboleiro da sala de mestres, carpeta Drive, correo..
- Renovar o documento de Información de axuda ao persoal novo do centro ante novas propostas xurdidas neste curso.
- Creación dun dossier informativo sobre como implementar e usar os comunicadores nas aulas.
- Impulsar a información as familias sobre os SAAC que utilizan os alumnos/as no centro.
- Facilitar información sobre o acceso do material creado e actualizado da carpeta drive.
- Colocación dun panel informativo ao lado dos paneis de patio para saber como utilízalos co alumnado.
- Revisar as guías metodolóxicas que axuden a empregar os recursos e materiais seguindo un criterio unificado.
- Recollida de información e opinión das actividades levadas a cabo polo equipo por parte do persoal docente do centro.
- Divulgación de información diversa creada polo equipo SAAC a través da páxina web e o instagram do centro.

### **3-BÚSQUEDA E CREACIÓN DE MATERIAIS:**

- Ampliar a recompilación de recursos dispoñibles na carpeta drive.
- Compartir novos recursos para facilitar o traballo da labor docente co alumnado.
- Creación dun modelo de autoinstrucións para o traballo na aula.
- Creación dun banco de pictogramas.
- Creación de novos paneis de apoio á comunicación como os dos patios.
- Elaboración da planilla do menú do comedor adaptado con fotografías.

### **4- FORMACIÓN:**

- LSE para o profesorado.
- Grid e Asterics grid para o profesorado.
- Contacontos con comunicadores para as familias.

### **RECURSOS**

#### ➤ PERSONAIS:

O equipo está formado por:

- Tania Domínguez Vello, mestra de P.T. adscrita a 2º Ciclo e coordinadora do equipo.
- María Alonso González, mestra de P.T. adscrita a TVA.
- Elba Couso Alonso, mestra de P.T. adscrita a TVA.
- Laura Pérez Morán, mestra de A.L. adscrita a FPB.
- Alejandro Vaquero Vazquez, mestre de A.L. adscrito ao 2º ciclo.

**MATERIAIS:** Os recursos materiais a empregar no presente curso serán os destinados no centro para desempeñar as funcións deste equipo.

ORGANIZATIVOS: Para levar a cabo un traballo sistemático e regularizado que facilite a nosa tarefa comunicarémonos semanalmente mediante o grupo de Whatsapp e celebrarase unha reunión ao mes para organizar e desenvolver as actividades propostas para este curso, e dar resposta as necesidades que xurdan durante o transcurso do mesmo.

## **AVALIACIÓN.**

Durante o curso o Equipo de SAAC faremos unha avaliación dos seguintes aspectos:

- Actividades e recursos elaborados, revisados e actualizados.
- Implicación do profesorado (participación, intervención,...)

A finais do curso os aspectos que avaliaremos serán os seguintes:

- Traballo realizado polo equipo.
- Grado de satisfacción por parte do profesorado das respostas realizadas as diferentes necesidades relacionadas coa elaboración de novos materiais, actualización dos existentes,...
- Aspectos a mellorar.

Ademais a final de curso elaborárase unha memoria onde se recollerá o traballo levado a cabo polos membros do equipo SAAC e as propostas de mellora cara o curso próximo

## **6.5. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

O departamento de orientación do noso centro está constituído por un amplo grupo de profesionais que representan cada unha das ensinanzas e colectivos que conforman a nosa comunidade educativa.



O departamento está formado por seis membros de dereito, conforme á Resolución do 22 de decembro de 2004 pola que se ditan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de educación especial e cinco membros invitados en base a autonomía organizativa e de xestión dos centros. Esta medida foi aprobada pola dirección do centro e apoiada pola CCP.

**Coordinadora primaria e secundaria:** Tamara Lastra Val

**Coordinadora TVA :** Yolanda Barbero Muñoz

**Coordinador FPB:** Orestes Otero Pérez

**Mestras AL:** Beatriz Mata lópez, Laura Pérez Morán , Sandra Álvarez Riesgo, Alejandro Vaquero Vázquez

**Xefe de Estudos:** Pablo Álvarez González

**Orientadora Secundaria e TVA:** María Fernández Traba

**Xefa do departamento de orientación:** Manuela Álvarez Rodríguez

Segundo os puntos tratados en cada reunión e as necesidades convenidas para cada momento, convocaranse ao persoal que se considere oportuno.

Como invitadas/membros do DO:

**Fisioterapeuta:** Victoria Alonso Pampín

**Enfermeira:** Noa Rodríguez Díaz

Son dúas disposicións legislativas do ano 1998 (D.120/98 de 23 de Abril, e Orde de 24 de Xullo de 1998) as que establecen as funcións dos seus membros.

As liñas prioritarias de actuación do Departamento de Orientación para este curso 2023-2024 enmárcanse dentro dos seguintes ámbitos: apoio ao proceso de ensino aprendizaxe e atención á diversidade, potenciación da acción titorial, sistematización de procedementos e orientación académico-profesional.

- Apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe e atención a diversidade: Respecto a este ámbito todas as actuacións adaptaranse e actualizaranse ao publicado na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro,

polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste senso e dende este ámbito de actuación coidamos de xeito especial o ritmo madurativo propio de cada alumno/a e as circunstancias individuais que fan de cada un deles unha realidade non etiquetable con características diversas tratando de axustar a nosa resposta ás súas necesidades específicas. As tarefas que concentra a actuación son:

- Introducción de melloras baseadas na análise da realidade do centro e do proceso de ensino aprendizaxe (agrupamentos, obradoiros, etapas, currículo, lexislación, titorías, dotacións ...) que xorden ao longo do curso.
- Clarificar e orientar no proceso de escolarización as familias, alumnado e centros cos que colaboramos conforme aos distintos modelos de escolarización (ordinario, combinado, específico).
- Coidar a coordinación con outros centros educativos cos que compartimos alumnado.
- Valorar a adecuación do modelo de escolarización do alumnado ás necesidades que manifesta poñendo en coñecemento das instancias oportunas se nalgún caso consideramos necesario .
- Elaboración de protocolos e informes que faciliten a sistematización da recollida e aproveitamento da información no centro. Recollelas nos documentos oficiais de referencia para o profesorado: Elaboración dun documento único consensuado do Plan de Intervención do alumnado cun carácter aberto e flexible onde se recolla as actuacións, evolución e seguimento dos rapaces/as durante a súa escolarización no noso centro educativo escolar
- Actuación de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade e difusión do mesmo e actualización segundo a Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011 que regula a Atención a Diversidade
- Fomentar as reunións organizativas e pedagóxicas entre o profesorado buscando a operatividade nas conclusións.

- Dar o apoio e asesoramento necesario ao alumnado e profesorado para afrontar a diversidade do entorno escolar.
- Incrementar o uso das plataformas informáticas como axudas complementarias de comunicación.
- Participar como docente en reunións informais organizadas entre os membros do propio centro e orientadas a alcanzar maiores competencias pedagóxicas e tecnolóxicas.
- Compartir datos e valoracións sobre o progreso do alumnado e apreciacións relativas ao seu proceso de ensino-aprendizaxe nas xuntas de avaliación tentando de buscar propostas operativas de mellora.
- Revisar as opcións de organización do currículo que nos permite a normativa, transmitilo e valorar entre todos cada unha delas para unificar estruturas e criterios e seguir traballando na procura dun currículo adaptado.
- Colaborar na realización de informes que transmitan os resultados das avaliacións de xeito sintético, accesible e funcional.
- Colaborar na elaboración dos horarios de atención (AL, Fisioterapia,) de xeito que sexan adecuados ás necesidades e faciliten o maior aproveitamento economizando esforzos.
- En colaboración co encargado de formación suxerir e animar a participación en diversas accións formativas.
- Dinamizar, en colaboración co encargado de formación, accións formativas para o profesorado (presentación de materiais, dinámicas, libros e tecnoloxía).
- Potenciación da acción titorial: ámbito de especial relevancia na atención ao noso alumnado e familias.

- Ofrecer apoio e soporte técnico ás actividades de tutoría presentando, seleccionando e difundindo material potenciando o uso das TIC a través da aula virtual do centro educativo.
  - Apoio, baixo demanda, na concreción de proxectos de acción tutorial con distintas temáticas nas etapas que o precisen.
  - Establecer canles estables de comunicación entre o D.O e os ciclos.
  - Organizar intervencións individuais e grupais co alumnado que axude a restaurar condutas.
  - Colaboración na coordinación do proxecto de acción tutorial con acordos de temas a tratar nas tutorías e colaboración coa busca de material para os tutores/as de PFFPB.
  - Apoio ao profesorado nas súas intervencións coas familias se o consideran oportuno.
  - Compartir co tutor/a a tarefa de identificación de necesidades do alumnado.
  - Ofertar aos tutores/as dinámicas, materiais e pautas de actuación ante distintas necesidades.
  - Participar nas sesións de avaliación e colaborar na concreción das propostas.
  - Participar nas reunións dos diversos ciclos de forma esporádica ou cando alguén do ciclo valore a conveniencia e o solicite.
  - Manter unha comunicación fluída coas familias .
- Sistematización de procedementos: para a mellora do centro son necesarias unhas directrices claras e estables de actuación que faciliten o seu cumprimento, a súa valoración, e se se considera necesario a súa modificación. Os documentos, ben empregados, facilitan evitar a arbitrariedade nos xuízos, corresponsabilizarnos da mellora e respectar a autonomía e os dereitos do propio alumnado, familias e profesionais. Elaboralos, consensualos, telos en consideración e publicitalos é un obxectivo desexable.

Para conseguilo trataremos de :

- Continuar como en cursos pasados anticipando a convocatoria do departamento cos puntos a tratar.
  - Ter a disposición do profesorado as actas das reunións do departamento para a súa consulta.
  - Dar un formato axeitado aos documentos elaborados, revisalos e colgalos na plataforma de difusión animando a súa lectura.
  - Atender á demanda das coidadoras do centro para, salvando a dificultade horaria, planificar unha reunión conxunta polo menos unha ao trimestre.
  - Establecer dentro do posible reunións cos distintos ciclos no seu horario de organización.
- Orientación académico-profesional: nesta liña trataremos de adecuar as propostas e orientacións aos intereses e capacidades do alumnado.
- Colaborar cos titores/as e os alumnos/as na toma de decisións entorno á saída educativa que máis se lles axusta a súas características (TVA-PFFPB).
  - Desenvolver actuacións específicas neste eido especialmente ao longo do último trimestre do curso.
  - Establecer períodos de adaptación para o alumnado que cambia de ciclo, así como, aumentar os días de adaptación para os rapaces/as de nova incorporación ó centro, para establecer de forma máis correcta a súa adxudicación nunha aula.
  - Anticipar ás familias a proposta de estudos para o próximo curso e transmitirles información acerca das alternativas que existen dentro e fóra do noso centro educativo.
  - Coordinación coa traballadora social no contacto con outras institucións cando sexa necesario, por exemplo no caso de asociacións de formación ocupacional ou centros de educación especial cun perfil diferente ao noso.

## **PLANIFICACIÓN XERAL DO D.O.**

Entre as actividades propostas para o curso 2023-24 dende o departamento destacamos:

### **ACTIVIDADES D.O. para o CURSO 2023-2024 .TEMPORALIZACIÓN . ACTIVIDADES**

Primeiro trimestre

- Elaboración das liñas de traballo do DO na PXA.
- Valoración inicial alumnado nova incorporación.
- Asesoramento/tramitación das Becas NEAE: Elaboración de informes.
- Revisión de modelos de escolarización e flexibilización.
- Informes de reubicación do alumnado.
- Elaboración de horarios de atención de Audición e Linguaxe.
- Actualización de rexistros e listados.
- Elaboración de documentos informativos para persoal nas aulas e DO.
- Propostas de acción tutorial aos ciclos.
- Contactos con centros de escolarización combinada.
- Proxecto acción tutorial en PFFPB deseño e aporte de materiais, calendario e posibles temas a tratar co alumnado por parte dos titores e titoras coa colaboración da orientadora titores/as, concello, outros...

Segundo trimestre

- Seguimento dos apoios externos que recibe o alumnado solicitados na beca de NEAE.
- Actualización de expedientes.

- Xornadas, cursos e formación ...

Terceiro trimestre

- Decisións, xunto coas familias, acerca do futuro do alumnado para o seguinte curso.

- Informes de acceso e cambio de ciclos.

- Preparación do alumnado que vai facer a FCT: ansiedades e medos, manexo de posibles conflitos, habilidades sociais,...

- Avaliación do Plan de Orientación e elaboración da Memoria final.

- Apoio e orientación para a vida adulta do alumnado que abandona o centro.

### **PLAN INICIAL DE TITORÍAS PFFPB PARA O CURSO 23-24**

- Educación emocional
- Educación afectivo-sexual
- Acoso escolar
- Habilidades sociais asertivas
- Violencia de Xénero
- Dinamización intergrupala
- Redes sociais
- Uso responsable das tic: Perigos de Internet
- Educación vial

### **Desenvolvemento da educación emocional**

Trátase dunha actuación necesaria, e máis nos tempos nos que nos atopamos, para poñer en valor a importancia e repercusión das aprendizaxes non cognitivas (emocionais) para o benestar e o progreso social, coa vontade de optimizar a calidade educativa como unha sinal permanente nos contextos escolares.

Desenvolveranse accións para a mellora da competencia socioemocional de toda a comunidade educativa, que redunde no benestar emocional persoal e social e na súa calidade de vida, así como o desenvolvemento de estratexias que favorezan o aumento da autoestima, a empatía e a resiliencia, a mellora das habilidades

comunicativas, o incremento do autocontrol emocional, a superación, a identificación das emocións dos demais e o coñecemento das propias.

### **Obxectivos e contidos xerais para este curso escolar.**

#### **Obxectivos**

- a) Adquirir e desenvolver competencias emocionais (conciencia emocional, autonomía emocional, regulación das emocións propias e alleas...) en toda a comunidade educativa, entendidas como competencias básicas para a vida.
- b) Avanzar cara unha educación emocional concebida como un eixe transversal.
- c) Potenciar o deseño e implementación de programas de intervención para a adquisición e desenvolvemento de competencias emocionais.
- d) Implicar o profesorado na formación da educación emocional.
- e) Mellorar o rendemento académico do alumnado a través da contribución das habilidades emocionais.

#### **Contidos:**

1. Os estilos de comunicación que permitan establecer novas relacións sociais.
2. Habilidades e destrezas na comunicación oral.
3. Formas positivas de resolver conflitos.
4. O desenvolvemento social.

### **O desenvolvemento social**

#### **Obxectivos:**

1. Promover o desenvolvemento da competencia social a través do adestramento das habilidades sociais.
2. Coñecer o papel do desenvolvemento social no desenvolvemento integral do alumnado, xunto co desenvolvemento afectivo e cognitivo.

1. Desenvolver habilidades para a oposición asertiva e de autoafirmación.

#### **Contidos:**

Os estilos de comunicación que permitan establecer novas relacións sociais.

Habilidades para iniciar, manter e rematar conversacións.

Habilidades para emitir e recibir mensaxes positivas.

Traballo en equipo.



Habilidades para recibir e transmitir críticas, queixas e para discrepar.

Destrezas para negociar cuestións de índole persoal.

Formas positivas para resolver conflitos.

Habilidades para amosar a aversión.

Destrezas para detectar posibles situacións problemáticas

Recursos para abandonar posibles escenarios de risco.

Ferramentas para unha comunicación máis asertiva.

### **Liñas de desenvolvemento**

O alumnado aprenderá, practicando e interiorizando unhas actitudes e habilidades que lles permitan crecer pouco a pouco en benestar, autonomía, responsabilidade, criterio propio, solidarizade e felicidade.

Vincularanse as artes plásticas coa educación emocional, social e a creatividade . Incluindo á experiencia estética nos procesos de aprendizaxe: aprender con significado, expresión e emoción.

A través da práctica coral vincularanse os contidos musicais do currículo escolar co desenvolvemento dos valores universais. A práctica coral é beneficiosa para facer fincapé en moitas variables emocionais e sociais que xeran benestar. O canto coral ademais de favorecer o desenvolvemento musical das persoas incide tamén en aspectos socio emocionais e creativos relativos ao desenvolvemento afectivo, cognitivo e social.

A través da literatura, o alumnado atopará nos libros unha fonte de axuda no seu crecemento emocional, cognitivo e social , facendo fincapé na identificación emocional, na empatía e o autocontrol. Buscarase a globalidade na acción mediadora de animación á lectura para o cal se conxugará a labor e o compromisos de todas as partes implicadas (familias, profesorado e profesionais da comunidade) nunha acción prolongada ao longo da etapa de educación Infantil e mediante diversas acción, recibindo en determinados momentos, a visita do mago da palabra, figura en torno a cal é articulada a aplicación deste recurso.

Coa literatura e as emocións, o alumnado traballará con propostas didácticas a partir da selección dun conxunto de obras coa intención de fomentar valores e actitudes positivas cara á saúde, apoiando o desenvolvemento emocional e incentivando a lectura na etapa de primaria.

## **6.6. PLAN DE BIBLIOTECA. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN. PLAMBE.**

No consello extraordinario do 16 de maio decídese a continuidade do PlamBe e dos proxectos actuais vinculados á biblioteca escolar. Preséntase este documento co visto e prace do Claustro de mestres do 27 de xuño, coa aprobación do Consello Escolar do 28 de xuño manifestando a representación das familias no Consello o éxito dos proxectos da biblioteca neste curso e que se sigamos dinamizando actividades para toda a comunidade educativa para o vindeiro curso

### **1. En relación coa organización e a xestión:**

Atenderase especialmente á configuración da biblioteca como «laboratorio creativo de aprendizaxes».

- ADQUISICIÓN DE FONDOS: seguir co plan de adquisición equilibrada dos fondos.

-TRATAMENTO TÉCNICO DOS FONDOS: seleccionar, organizar, clasificar, catalogar, expurgar, mentres se espera pasar ao sistema Koha de catalogación.

-OPTIMIZAR ESPAZOS: en función das prácticas que interesa incentivar.

-LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES: artellar OBRADOIROS planificando un calendario de obradoiros trimestral.

-ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO ESPECÍFICO E ADAPTADO: seguindo así coa visión do centro de ir renovando os espazos e progresivamente facer unha reforma integral.

### **2. En canto aos recursos da biblioteca:**

Incidirase na dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

-DIFUSIÓN: a través do blog e da web do centro e as novas contas de Instagram e Facebook. Elaboración de carteis e notas informativas para as aulas e as familias.

-COMPETENCIAS CLAVE: Integrar os recursos da biblio no tratamento do currículo: Promover actividades e accións que desenvolvan as competencias clave do alumnado, sobre todo a lingüística, a dixital e a de aprender a aprender

- APOIO Á CREACIÓN DE MATERIAIS DE PRODUCCIÓN PROPIA: Establecerase xuntanzas co equipo de SAAC no centro de cara a adaptar materiais ao alumando con respecto ao acceso á información e co equipo de TICS brindaremos apoio de cara a implementar AULAS VIRTUAIS do profesorado.

-XENERALIZACIÓN DE APRENDIZAXES: Establecer a biblioteca como espazo para a xeneralización de aprendizaxes.

### 3. Formación de usuarias/os:

Detallaranse as liñas prioritarias en relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual competencia dixital).

-FORMACIÓN PERSOAL: establecer a principio de curso unha sesión informativa sobre o uso, funcionamento e normas da biblioteca para o profesorado novo.

-ALUMNADO: retomar o voluntariado na biblioteca.

-FORMACIÓN DO EQUIPO DE BIBLIOTECA: Formación para os novos membros do equipo de biblioteca no manexo do programa Meiga para catalogar.

-COMPETENCIA DIXITAL: Axudar ao equipo TICS no deseño e posta en práctica do PLAN DIXITAL do centro, establecendo pautas de traballo común.

### 4. Fomento da lectura:

Explicaranse as estratexias en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información).

-INSTRUCCIÓN DA CONSELLERÍA: Seguir as instrucións da Asesoría de Bibliotecas Escolares para o vindeiro curso con respecto a dinamizar actividades de banda deseñada.

- DINAMIZAR ACTIVIDADES: Seguir dinamizando actividades de animación á lectura: establecendo un calendario na programación xeral anual e animando ás familias a colaborar. Seguir establecendo xuntanzas cos equipos de Extraescolares, Dinamización, e

animar a que se integren na xuntanza os equipos de SAAC, Multisensorial e TICS para planificar as celebracións conxuntamente

- SAÍDAS/VISITAS: Orientar a profesorado e ao equipo de actividades extraescolares e complementarias acerca de saídas que favorezan aprendizaxes e a lectura en entornos naturais: teatro, exposicións, contacontos, así xestionar visitas á nosa biblioteca (dentro das nosas posibilidades): ilustradores, escritores, grupos de teatro, contacontos...
- RECOMENDACIÓNS E GUÍAS: Elaboración de recomendacións de fondos para o alumnado e guías para as familias ( Lectura e Familias)
- LECTURA E FAMILIAS: planificar actividades de fomento da lectura para as familias.

## 5. Biblioteca inclusiva

Recolleranse os avances cara a unha biblioteca inclusiva.

- ACCESIBILIDADE: participación de TODO o alumnado do centro.
- MATERIAIS ADAPTADOS: Continuar coa adquisición de material adaptado para o noso alumnado.
- APOIOS VISUAIS: Continuar empregando carteis e notas con claves visuais que facilite a comprensión de todo o alumnado.
- ADQUISICIÓN DE FONDOS: Compra de fondos con pictogramas, lingua de signos, lectura fácil, audiovisuais, en distintos soportes e formatos.
- AUDIOLIBROS: Subscrición a algunha plataforma con audiolibros.

## 6. Outras actuación:

- PATIOS DIVERTIDOS: reabrir a biblioteca no recreo e dinamizar actividades.
- PROXECTO COMÚN: Recompilar informacións, materiais e recursos para o proxecto documental integrado de centro.
- PROXECTOS DA BIBLIOTECA ESCOLAR: Solicitar a continuidade en Biblioteca Creativa, Radio na biblio e Lectura e familias.
- MOCHILAS VIAXEIRAS: Retomar esta actividade.
- COLONIZAR ESPAZOS: actualizar carro de materiais de biblioteca creativa e materiais da sala das familias. Repartir material nos mobles adquiridos co catálogo de mobiliario versátil para emprego do alumnado no recreo.

## 7. Avaliación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN/INDICADORES:

- Número de usuarios que acoden á biblioteca e para que a usen; empréstitos.
- Disponibilidade de profesorado que asuma as funcións da biblioteca.
- Melloras : mobiliario, equipamento, material adaptado e fondos.
- Consecución dos obxectivos propostos nas liñas prioritarias de actuación.
- Valoración das actividades de fomento da lectura e grao participación.
- Valoración global, informe avaliativo e propostas de mellora.

INSTRUMENTOS: rexistros, enquisas, cuestionarios.

TEMPORALIZACIÓN: A avaliación terá un carácter continuo e permanente.

## 8. Recursos humanos:

A responsable da biblioteca e coordinadora do PLAMBE será Cristina Pérez Taboada, disporá de 5 sesións semanais no horario para as tarefas da BE. Formará parte da CCP e da Comisión de Biblioteca no Consello Escolar.

O equipo de apoio contará con representantes de todos os ciclos:

- Carmen Toro Cabaleiro representante de Secundaria e Primaria.
- Alicia Correa González, representante de TVA.
- Lucía Vázquez Lorenzo, mestra de pretaller de FPB e actual responsable de biblioteca creativa (substitúe Ana Lucía Rial Tato).
- Alejandro Lorenzo Díaz, mestre de música e actual responsable de radio na biblio.

Realizaremos frecuentes reunións mensuais do equipo de biblioteca ao longo do curso, así como reunións co equipo directivo, DO, e outros equipos (SAAC, TIC'S, Dinamización Lingüística e Actividades Complementarias e extraescolares) para facilitar a coordinación das tarefas e das actividades, así como a xestión dos recursos. Establecemos unha hora de coordinación entre a responsable de biblioteca e a de biblioteca creativa e radio na biblio e a ser posible intentar establecer unha hora semanal conxunta de coordinación de tódolos compoñentes do equipo de biblioteca.

## 6.7. AUDICIÓN E LINGUAXE

O noso Colexio, a data de hoxe, 10 de outubro de 2023, conta coa presenza de especialistas en Audición e Linguaxe en **tres dos catro ciclos** que se imparten no Centro: Primaria, Secundaria e Programas Formativos de Formación Profesional Básica (PFFPB). Dada esta situación **irregular**, é preciso sinalar a ausencia de especialista asignado ó ciclo de Tránsito á Vida Adulta (TVA); figura imprescindible coa que se contaba dende fai anos e que se está a reclamar por parte do Equipo Directivo dende o principio de curso.

Por outra banda, no ciclo de PFFPB cóntase con dúas especialistas en Audición e Linguaxe a **tempo parcial**, xa que a titular posúe unha redución de 1/3 da súa xornada. Deste xeito, coa segunda especialista que acude ó colexio en horario de martes a xoves compartida co CEIP Paraixal de Vigo, cúbrese a xornada completa que lle corresponde ó ciclo.

Os especialistas en Audición e Linguaxe asignados ós ciclos nomeados anteriormente, proporcionarán, na medida do posible, atención educativa ao alumnado con máis NEE na competencia comunicativo-lingüística. Actualmente 64 (sen incluír os alumnos de TVA) son os alumnos/as nos que se está intervindo por parte dos mestres especialistas en Audición e Linguaxe.

Os obxectivos xerais que se pretenden acadar ao longo do curso serán os seguintes:

Mellorar a competencia da comunicación e a linguaxe (oral, escrita, SAAC) do alumnado escolarizado no centro.

Facilitar ao alumnado a redución das dificultades que presenten na linguaxe, favorecendo o seu proceso de integración escolar e social.

Proporcionar unha atención temperá para estimular a comunicación e a linguaxe, priorizando Primaria sobre o resto de alumnado

Elixir e implementar un SAAC con alumnado non verbal buscando o sistema que mellor se adapte tendo en conta as súas necesidades e capacidades.

Coordinar o traballo cos titores/as, especialmente naqueles casos nos que empreguemos SAAC.

Establecer criterios de coordinación entre titores, mestres de apoio, persoal laboral auxiliar e mestras de audición e linguaxe.

Mellorar a formación e especialización da nosa labor docente.

Colaborar có equipo Multisensorial o impulso e dinamización da aula multisensorial.

Colaborar cos titores/as na supervisión das ACS, na realización dos programas de intervención e na consecución de obxectivos comúns nos ciclos respecto a área comunicativo lingüística.

Continuar na coordinación das catro especialistas, na creación e adquisición de materiais, na procura de solucións e no cooperativismo.

Asesorar ás familias no ámbito comunicativo-lingüístico.

En íntima relación tentar achegar e involucrar ás familias coa nosa labor.

Coordinar as nosas actuacións cos equipos externos, tendo en conta o protocolo de protección de datos, coa finalidade de establecer unhas pautas de traballo comúns co noso alumno.

Participar na avaliación inicial, continua e final do alumnado.

Presentar propostas de mellora para a atención educativa no centro.

Formúlanse ademais unha serie de obxectivos específicos:

#### COMUNICACIÓN NON VERBAL

Crear a necesidade de comunicarse coma ferramenta básica de desenvolvemento persoal e integración social.

Potenciar a linguaxe expresiva seguindo diferentes rutas de acceso a través dos xestos, a sinalización e/ou por barrido visual.

Favorecer a comprensión das mensaxes comunicativas, orais e ou escritas.

Dotar ao alumnado non oralista de Sistemas Aumentativos e Alternativos da Comunicación (PECS/PICTOS/FOTOS...), ben sexa en soporte papel ou, nos casos posibles, a través das TIC's: comunicadores, tablets, phablets, móbiles, etc. Facilitando por medio dos sintetizadores de voz a interacción social nos diferentes entornos.

Amosar a comunidade educativa as estratexias conversacionais usadas na comunicación polos "nosos" alumnos.

#### PRERREQUISITOS DA LINGUAXE

Favorecer e mellorar a capacidade de atención, memoria, imitación e seguimento de instrucións, importantes para o aprendizaxe da linguaxe.

Potenciar actividades que fomenten o contacto visual.

Desenvolver a percepción auditiva e visual.

Tomar conciencia da presión e relaxación das distintas partes do corpo.

Potenciar o desenvolvemento da linguaxe naqueles alumnos/as que o posúan.

#### BASES ANATÓMICAS E FUNCIONAIS

Mellorar o tipo e capacidade respiratoria.

Conseguir unha axeitada coordinación fonorespiratoria.

Tomar conciencia da presión e relaxación das distintas partes do corpo.

Acadar un maior control da tonicidade dos órganos bucofonatorios e coordinación dos mesmos durante a articulación.



## NIVEL FONÉTICO – FONOLÓXICO

Mellorar a capacidade de conciencia fonolóxica.

Favorecer a correcta articulación de todos os fonemas da lingua castelá ou galega.

Desenrolar os elementos fonolóxicos que lle permitan establecer a fala correctamente articulada.

## NIVEL LÉXICO – SEMÁNTICO

Aumentar o nivel de vocabulario (comprensivo/expresivo) e a capacidade de evocación.

Comprender as relacións semánticas existentes entre as palabras.

Desenvolver a capacidade de establecer asociacións, comparacións, clasificacións, categorizacións e definicións verbais.

Traballar a adquisición e mellora da linguaxe funcional incrementando así o vocabulario.

## NIVEL MORFO – SINTÁCTICO

Desenvolver o uso e orde correctos dos diferentes elementos morfolóxicos da linguaxe.

Favorecer a conciencia sintáctica.

Potenciar e afianzar unha correcta estrutura sintáctica (SUXEITO–VERBOS– COMPLEMENTOS).

## PRAGMÁTICA

Desenvolver a capacidade de interpretación e seguimento de ordes e mensaxes orais.  
Favorecer a comprensión de inferencias e metáforas.

Adquirir as funcións comunicativas orais adecuadas ao nivel de desenvolvemento.  
Mellorar a capacidade de participación nas conversas conversas.

Adaptar os enunciados orais aos diferentes momentos e contornos comunicativos.

Desenrolar a pragmática da linguaxe permitindo un uso funcional e social do mesmo.

## PROSODIA

Controlar o ritmo da expresión oral, traballando variacións rítmicas.

Conseguir unha entoación expresiva.

Realizar correctamente as pausas no discurso.

Favorecer os elementos suprasegmentais da fala (prosodia, ritmo e modulación da voz) posibilitando a comunicación fluída e satisfactoria.

## VOZ

Implantar no alumnado hábitos de hixiene nasal e rino-farínxea axeitados. Favorecer a ausencia de tensión nos órganos fono-articulatorios.

Manter unha correcta coordinación fono -respiratoria.

Mellorar as calidades da voz (timbre, ton, intensidade e duración).

## NIVEL EMOCIONAL

Favorecer un estado emocional positivo e relaxado que propicie no alumno/a o interese por comunicar co entorno.

Concienciar da importancia da comunicación coma ferramenta para posibilitar unha axeitada saúde mental.

Propiciar espazos e tempos de ensinanza-aprendizaxe estimulantes para a comunicación, tanto espontánea coma dirixida.

Desenrolar as habilidades sociais do alumnado para mellorar a súa autoestima.

Estimular a escoita activa.

Reducir a presenza de mensaxes de contido tóxico nos espazos comúns.

## LECTO-ESCRITURA

Seleccionar e empregar a ruta de acceso a lectura mais adaptada a cada alumno (ruta visual/fonolóxica/mixta)

Por outro lado, tomando como punto de partida os informes psicopedagóxicos e finais de curso, así como a memoria final do curso 2022-23, o alumnado susceptible de recibir atención educativa por parte das mestras de Audición e Linguaxe será aquel con dificultades no desenvolvemento da vertente comunicativo-lingüística derivadas de necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade.

En conclusión, é primordial orquestrar un traballo coordinado que terá como finalidade avanzar e acadar novas capacidades e competencias lingüísticas.

Organización da Intervención. Alumnado en AL.

O desenvolvemento dos programas individualizados de intervención partirá dos Informes Psicopedagóxicos, dos informes finais do curso pasado (do alumnado que xa estaba escolarizado no noso centro) e da avaliación logopédica inicial. O traballo co alumnado por parte das catro especialistas de AL enfocárase a través dos distintos ciclos (Primaria, Secundaria, TVA e PFPB) do seguinte xeito:

En Primaria tratarase de sentar as bases da comunicación e da linguaxe, facendo fincapé nos **prerrequisitos** que permitirán o seu desenvolvemento, así como na habilitación da comunicación por medio de SAAC (PECS, fotos, pictogramas, obxecto real, LSE, taboleiros de comunicación e apps) ou a linguaxe oral para o posterior desenvolvemento das distintas dimensións da linguaxe de ser o caso.

Tanto en Secundaria como en TVA as aprendizaxes que se levarán a cabo co alumnado terán como fin que o alumnado descubra na linguaxe unha poderosa ferramenta para interactuar nos contornos sociais e naturais.

En PFPB búscase afianzar as bases da linguaxe, que favorezan unha comunicación máis fluída cos demais. Neste ciclo serán prioritarios aqueles alumnos con maior afectación na comunicación.

<b>AUDICIÓN EN LINGUAXE EN PRIMARIA E SECUNDARIA. AL1</b>	
Nº ALUMNOS/AS:	<p>11</p> <p>*9 en escolarización completa e 2 en escolarización combinada (1 en Primaria e 1 en Secundaria) ademáis de prestar apoio ó alumnos do talleres de HHCC, Plástica-Psicomotricidade e TIC's.</p>
INTERVENCIÓN	<p><b>INDIVIDUAL:</b> os cales se axustarán á realidade de cada alumno/a priorizándose sempre a comunicación fronte a calquera outro obxectivo. A maioría das sesión individuais neste ciclo son de 30 minutos.</p> <p><b>OBRADOIROS.</b></p> <p><b>Obradoiro de estimulación da linguaxe a través dos contos,</b> cun grupo de alumnado de primaria e secundaria (grupo D) na biblioteca. Levarase a cabo venres os xoves na sesión posterior ao recreo. O obxectivo principal deste obradoiro é unha aproximación á lectura, procurando: Aumentar a capacidade de atención.</p> <p>Manipular os materiais e fondos de distinta natureza (electrónicos, impresos, con pictogramas,)</p> <p>Respectar o coidado dos materiais.</p> <p>Fomentar o traballo en pequeno grupo, tendo en conta que o noso alumnado é moi dependente e a súa intervención fundamentalmente é individualizada, deste xeito, favoreceremos a socialización do alumnado.</p> <p>Engadiremos materiais de apoio á lectura, imaxes, pictogramas, obxectos, debuxos, lingua de signos... que nos permitirán seguir traballando sobre aspectos comunicativos.</p>

**Habilidades Comunicativas:** O obxectivo xeral estará dirixido a potenciar a competencia comunicativa lingüística do alumnado. Trataráanse de proporcionar aprendizaxes e estratexias que melloren o seu desenvolvemento nos diferentes contextos: escolar, social e familiar.

**Sensorial/psicomotricidade:** Este obradoiro trata de estimular prerrequisitos da linguaxe no alumnado a través dos diferentes sentidos e vivencias propias do noso corpo e entorno. . Acompañamos ao alumnado na súa aventura de aprender a mirar, tocar e explorar como elementos clave da súa integración sensorial básicos para desenvolver a súa comunicación.

. Farase grazas o uso de :caixas sensoriais, sabores e cheiros, pinturas fluorescentes e luz negra, mesa de luz, xogos con texturas...Ademáis levaranse a cabo algunhas actividade de psicomotricidade no salón de actos (recorrido en bicicleta, patinete, circuitos..)

**TIC'S:** O traballo vai dirixido a fomentar a estimulación cognitiva e sensoriomotriz, a coordinación óculo-manual, mediante o uso de ordenadores con pantalla táctil, mesa de luz e PDI. Empregando diferentes materiais de fabricación propia e procedentes de diferentes páxinas web.

Ç

<b>AUDICIÓN EN LINGUAXE EN SECUNDARIA. AL2</b>	
Nº ALUMNOS/AS:	13 con intervención directa y. 12 en talleres de HHCC, un Total de 25 alumnos.

## INTERVENCIÓN

### **INDIVIDUAL E EN PARELLA:**

Lévanse a cabo intervencións en parella se o alumnado conecta axeitadamente e ten establecidos obxectivos similares na intervención, desta maneira favorecemos a interacción entre eles e as actividades lúdicas, e tamén aproveitamos o tempo para poder ofertar o maior número de sesións posibles, que con todo seguen a ser insuficientes.

As sesións son de 50min ou 25min dependendo das características do alumnado.

### **OBRADOIROS**

#### **Habilidades Comunicativas**

Todo o alumnado de secundaria precisaría unha intervención directa dende AL xa que dunha forma ou outra teñen alteradas as dimensións da linguaxe, sobre todo contido e uso. Esta intervención directa ofrécese a 13 alumnos/as con prioridade debido á maior afectación na súa linguaxe.

Co alumnado restante lévase a cabo o obradoiro de HHCC. Os luns de 12.45h a 13.30h cun grupo de 8 alumnos/as e os mércores no mesmo horario cun grupo de 7 alumnos/as.

Neste obradoiro priorizarase o desenvolvemento da pragmática. Traballaranse ferramentas conversacionais: quendas de palabra, facer preguntas, argumentar respostas, contar anécdotas, comprender o humor, os dobres sentidos e a teoría da mente; expresar as nosas emocións e favorecer a empatía.

Pero tamén se proporán actividades metalingüísticas para estimular a linguaxe favorecendo a comprensión da linguaxe e a conciencia léxica, sintáctica, silábica e fonolóxica.

**Obradoiro de cociña:** Os obxectivos do curso inclúen aprender normas de hixiene, cociñar pratos saudables, identificar alimentos e desenvolver habilidades culinarias. Ademais, promóvense hábitos de vida diaria e organízase a adquisición de alimentos e a preparación da cociña. Como figura de AL, se participa neste obradoiro de xeito indirecto. O obxectivo principal vai dirixido a mellorar a intención comunicativa dun alumno que acude a este obradoiro. Deste xeito, aprovéitase para facer unha intervención nun espazo ordinario e inclusivo.

**Obradoiro das TIC:** Os obxectivos obradoiro das TIC varían en función do grupo que asiste cada día. Cun dos grupos realízanse actividades lúdicas e de reforzo dos contidos das áreas. Este o grupo é no que o AL realizará unha intervención específica cun neno que carece de linguaxe oral e que emprega un sistema alternativo de comunicación. Este espazo aproveitarase para acadar obxectivos como mellorar a comunicación, a súa inclusión no grupo e no obradoiro.

**Apoio en obradoiro multisensorial:** o obxectivo principal do obradoiro multisensorial é o de proporcionar experiencias sensoriais ao conxunto do alumnado que lles permitan tomar conciencia dos seus propios sentidos e achegarlle momentos de benestar, relaxación e tranquilidade. Este curso realízase un apoio semanal neste obradoiro, aproveitando para traballar a secuenciación das actividades, fomentar e tratar de propiciar unha comunicación efectiva co alumnado que ten dificultades neste ámbito.

AUDIÇÃO EN LINGUAXE EN TVA. AL3	
Nº ALUMNOS/AS:	?
INTERVENCIÓN	<p><b>INDIVIDUAL:</b></p> <p><b>EN PARELLAS:</b></p> <p><b>OBRADOIROS:</b></p>

AUDIÇÃO EN LINGUAXE EN PFPB. AL4	
Nº ALUMNOS/AS:	28 alumnos/as pertencentes aos talleres de: Lavandeiría e cociña, Peiteado, Xardinería A e B, Carpintería e Pretaller PFPB.
INTERVENCIÓN	<p><b>INDIVIDUAL:</b> búscase afianzar as bases da linguaxe, que favorezan una comunicación mais fluída cos demais. Intervir nas dificultades articulatorias, na velocidade do discurso e na comprensión verbal.</p> <p>Nos alumnos sen fala adaptaránse ou introduciránse os SAAC's.</p> <p><b>EN PARELLA:</b> Ademais, trabállase por parellas, buscando desenvolver a competencia comunicativa, facilitando as súas aprendizaxes a través de conversas dirixidas, unidades léxicas, lecturas e dramatizacións.</p> <p><b>OBRADOIROS:</b> 2 grupos de traballo</p> <p><u>Grupo 1: Peiteado</u> Formado por 4 alumnos con diferentes dificultades na comunicación que se reúne unha vez por semana para realizar un obradoiro de habilidades comunicativas e sociais e serán traballadas a través da conversa, unidades léxicas relativas ó taller e exposicións orais.</p>



Grupo 2: Xardinería A-B Formado por 6 alumnos nos que prima a adquisición de habilidades sociais e autonomía persoal, as unidades léxicas relativas ó taller, a mellora da fluidez dos seus enunciados e a estruturación sintáctica dos mesmos.

Grupo 3: Pretaller Formado por 3 alumnos nos que exercitar a intención comunicativa, a adquisición de léxico relativo os talleres da aula, o uso de SAAC nas conversas e a mellora da sintaxe.

Grupo 4: Reprografía. Formado por 4 alumnos con dificultades na comunicación e relación social que se reúne unha vez por semana para realizar un obradoiro de habilidades comunicativas traballadas a través da conversa, unidades léxicas e exposicións orais con apoio das ferramentas TIC.

Grupo 5: Lavandería. Formado por 4 alumnos/as nos que prima a necesidade de adquisición de habilidades sociais e comunicativas, de ampliación de unides léxicas e de mellora da fluidez e a estruturación sintáctica dos seus enunciados.

Grupo 6. Carpintería: Formado por 4 alumnos con diferentes dificultades comunicativas e de habilidades sociais con necesidade de ampliar o seu léxico, estruturación sintáctica e fluidez comunicativa.

A **metodoloxía** a empregar basearase nos principios da aprendizaxe significativa, sendo sempre o máis lúdica posible, participativa e procurando un alto grao de motivación. Ademais, partírase dos coñecementos previos e aproveitarase o uso das TICs nas intervencións.

Como criterios metodolóxicos máis salientables sinalamos os seguintes:

- Predominio do ensino en situacións naturais.
- Coordinación coas titoras/es do alumnado na elaboración dun material adaptado a cada alumno e no caso dos alumnos/as de FPB adaptado a cada taller.

- Fomento da participación do alumnado nas situacións de intercambio comunicativo. Adaptación dos recursos materiais.
- Organización axeitada dos espazos, materiais e horarios.
- Respeto do ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.
- Creación dun clima de confianza e seguridade co alumnado, indagando sobre os seus incentivos e partindo dos intereses, experiencias e competencias.
- Metodoloxía baseada nos principios de socialización, funcionalidade, manipulación, motivación etc.

Os **materiais** a empregar será o material funxible (Material de escritorio, bloc de debuxo e pinturas, velcros, fundas plastificados, etc.) para elaboración de materiais de creación propia elaborado polas mestras de AL. E como material específico o que se detalla a continuación:

<b>MATERIAL DE SOPRO</b>	Pompeiros, globos, pallas, mata-sogras, pelotas de ping pong, pipas, velas, instrumentos de vento, asubíos...
<b>MATERIAL DE DISCRIMINACIÓN E ATENCIÓN</b>	Lotos sonoros, bingo sonoro, <i>listas de Quilis, Mi amigo Simón</i> , libros de buscar a Wally, <i>Busca a Teo</i> , diverso material de observación, puzzles, instrumentos musicais, actividades dixitais, etc.
<b>MATERIAL DE PRAXES FONOLOXÍA</b>	Espello, luvas, depresores, tarxetas de mobilidade buco-facial;  Fonodil, Fonoidentic,
<b>MATERIAL DE SEMÁNTICA</b>	Barrallas de vocabulario de CEPE; maletíns de vocabulario de Akros, material manipulativo por campos semánticos; Dicionario de imaxes de SM,

	<p>puzzles de vocabulario, puzzles de contrarios e adxectivos, Blocs comunicativos</p> <p>(Picto-fotográficos) individualizados, etc.</p>
<b>MATERIAL MORFOSINTAXE</b>	<p>“Enseñame a hablar”, “El tren de palabras”, xogo de estruturación de frases, secuencias, “Formación de frases” de Nardil, “Espiral Morfosintaxis”, Blocs comunicativos (Picto-fotográficos) individualizados, etc.</p>
<b>MATERIAL DE PRAGMÁTICA</b>	<p>¿Dime por qué? de GEU, “En la mente”, material de xogo simbólico, “Bingo de las emociones”, “Más allá de las palabras”, etc.</p>
<b>MATERIAL DE LECTO-ESCRITURA</b>	<p>Programa de lectura global da web down 21, pictogramas de ARASAAC, lecto-foto de Akros, puzzles de sílabas, vogais, deletrear e abecedario de educa, letras magnéticas e de madeira, material de elaboración propia e cadernos de lecto-escritura do “Enseñame a hablar”, cadernos “Método Diverlexia”</p>
<b>MATERIAL PICTOGRÁFICO</b>	<p>Pictogramas de ARASAAC, Aplicación ARAWORD, Unidades Léxicas adaptadas a cada taller, Bloc Comunicativo individualizado, etc</p>
<b>MATERIAL INFORMÁTICO</b>	<p>HARDWARE: ordenador de mesa, unha impresora común, unha tablet, pulsadores, cascos, micrófonos.</p> <p>SOFTWARE: Araword, Pictodroid, Let me Talk, e-Mintza, Prelingua, Sígueme, Vocaliza, SEDEA, Grid-3, VERBO, Speechviewer, Vivo, Globus.</p>

Soy Visual, Programa Comunicarnos e múltiples aplicaciones.

A **avaliación** concibirase coma un continuo, coa fin de adaptar en todo momento o proceso de intervención ás características do alumnado. A **avaliación inicial** consistirá en pasar as seguintes probas facilitadas polo departamento de orientación, no caso de precisalo: EDAF, PLON, RFI, PEABODY, PROTOCOLO PARA ALUMNADO PREVERBAL e ELA-ALBOR, ademais de observacións no grupo-clase e individualmente, ao alumnado novo.

Así mesmo, levaremos a cabo **controis trimestrais**, dos cales informaremos as familias e aos titores/as, co fin de modificar, se fose necesario, elementos dos distintos programas individualizados.

En conclusión, é primordial orquestrar un traballo coordinado que terá como finalidade avanzar e acadar novas capacidades e competencias lingüísticas no noso alumnado.

## **6.8. EQUIPO AULA MULTISENSORIAL**

### **XUSTIFICACIÓN:**

O Equipo Multisensorial creouse durante o curso académico 2020-2021, coa finalidade de dar funcionalidade á aula destinada ó traballo de estimulación sensorial do centro e atendendo a demanda feita durante o curso anterior ao citado polo profesorado adscrito a Primaria. Ao longo do curso 2022-2023ponse en funcionamento unha nova aula adaptada para alumnado con mobilidade reducida. Neste curso preténdese dar continuidade ó labor feito en cursos pasados e acadar os obxectivos propostos.

O obxectivo principal do obradoiro multisensorial é o de proporcionar experiencias sensoriais ao conxunto do alumnado que lle permitan tomar conciencia dos seus propios sentidos e achegarlle momentos de benestar.

### **COMPOSICIÓN:**

O equipo está formado por:

Marta Seoane Alonso, titora de TVA. Coordinadora do equipo.

Amara Castro Nogueira, titora de Secundaria.

Miriam Conde Estévez, apoio de Secundaria.

Este equipo xestiona as actividades concretas do alumnado participante no obradoiro de estimulación multisensorial e fai propostas abertas ao alumnado do centro con diferentes eixos temáticos (a vendima, a colleita, as estacións, os experimentos...). A actividade xira entorno as dúas aulas multisensoriais e os seus recursos, dinamizando tamén propostas fora das mesmas aproveitando costumes galegas e caixas multisensoriais itinerantes.

### **COORDINACIÓN:**

Teranse reunións mínimo unha vez ao mes para organizar, propoñer e elaborar as actividades tipo propostas para o curso e detectar e dar resposta ás necesidades xurdidas. Utilizaremos Google Drive para elaborar e compartir diferentes documentos e recursos. Ademais, teremos comunicación por correo electrónico en caso de ser necesario.

### **OBXECTIVOS:**

Referidos ao alumnado

- Fomentar a elaboración e análise do perfil sensorial do alumnado
  - Ofertar aos titores dos ciclos a posibilidade de proporcionar copias do cuestionario para a elaboración do perfil, para novo alumnado ou que non o cubriu o curso anterior.
  
- Proseguir coa formación no ámbito multisensorial

Referidos ao profesorado

- Facilitar ao equipo docente o aproveitamento dos recursos multisensoriais
  - Revisar inventario da aula multisensorial principal
  - Inventariar aula multisensorial do corredor laranxa
  - Revisar inventario das cubetas itinerantes
  - Completar as tarxetas informativas con propostas de actividades das aulas e cubetas
  - Revisar e renovar materiais das caixas e aulas multisensoriais.

- Elaborar materiais informativos para o equipo docente.
  - Elaborar un póster con información relevante: os 8 sentidos.
  - Elaborar un póster con actividades tipo segundo as hiper/hipo sensibilidades.
- Promover a formación do equipo docente
  - Difundir propostas formativas relacionadas co ámbito multisensorial
  - Recopilar bibliografía actualizada sobre estimulación multisensorial

#### Referidos a xestión e organización

- Estructurar a aula multisensorial do corredor de TVA.
  - Establecer unha proposta por estación.
  - Organizar as actividades por rincóns.
- Continuar con actividades nos ciclos vinculadas a tradicións galegas.
- Elaborar un roteiro sensorial nos espazos exteriores do centro.
- Revisar inicial e trimestralmente os horarios das aulas de multisensorial.
- Poñer en marcha novos obradoiros:
  - Experimentos interciclo.
  - Obradoiro con familias.
  - Vincular as propostas multisensoriais con contido afectivo-sexual.
  - Vincular as propostas multisensoriais co coñecemento do propio corpo.
  - Vincular as propostas multisensoriais coa dinamización da biblioteca.

#### AVALIACIÓN:

Cada membro do equipo trasladará as inxerencias do seu ciclo e actuará como nexo para as posibles necesidades e demandas do ciclo ao que pertence.

A avaliación realizarase de xeito continuo nas reunións de coordinación correspondentes onde se fará seguimento dos obxectivos programados para o presente curso. Deste xeito poderanse realizar as accións necesarias de xeito inmediato para dar cumprimento aos obxectivos.

A finais de curso elaborárase unha memoria final onde se recollan as actividades realizadas, a avaliación dos aspectos mencionados e as propostas de mellora para o próximo curso.

## **7. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO**

As principais actuacións referentes á formación do profesorado para o curso 23/24, céntranse no desenvolvemento do Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP). Neste Proxecto inclúense as principais demandas do profesorado do centro, recollidas durante as primeiras semanas do curso, así como das propostas de mellora reflexadas na memoria do curso 22/23.

No caso de que ao longo do curso xurda algún tipo de necesidade específica, trataríase de cubrir as propostas programadas, ben a través dos PFPP, ou doutros instrumentos que se poidan xestionar.

Ademais, a formación tentará incluír e chegar a outros membros da comunidade educativa como o colectivo de coidadoras e ás familias.

### **Obxectivos:**

- a) Desenvolver o Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP).
- b) Incluír a outros membros da comunidade educativa en diversas actividades formativas: familias, coidadoras.
- c) Dar resposta ás necesidades formativas demandadas ao longo do curso polos diversos colectivos da comunidade escolar.
- d) Dar resposta a través da formación do persoal do centro, ás necesidades de apoio educativo do alumnado do centro, tendo en conta aos novos alumnos e alumnas que causaron alta no presente curso escolar.

- e) Difundir entre o profesorado, e o resto da comunidade escolar, aquelas accións formativas organizadas por diferentes entidades ou administracións que poidan ser do interese do persoal do centro.

### **Plan de Formación Permanente do Profesorado:**

As accións propostas para o presente curso 23/24 son as seguintes:

1. Formación en sistemas de comunicación (GRID-3, AstericsGrid)
2. Educación Afectivo sexual
3. Creación de contidos dixitais para o alumnado

Formación en Polos Creativos

## **8. RELACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓN**

Dadas as características do centro, o seu carácter público, a necesidade que temos de que se coñeza o traballo que aquí se realiza, e o beneficioso que resulta para o centro a achega do traballo de persoal alleo o centro, neste momento temos firmados convenios para a realización de prácticas con:

- Escolas de Maxisterio, de xeito que aquí poidan realizar as súas prácticas os estudantes das especialidades que se imparten no centro.
- Universidade de Vigo, co fin de que poida realizar prácticas no centro o alumnado do Máster en Necesidades Educativas Especiais.
- Escola de Traballo Social de Santiago de Compostela, co fin de que o alumnado desta especialidade poida formarse no centro.
- Concello e Vigo, co fin de que realicen prácticas alumnos e alumnas de cursos de formación ocupacional.
- Colexio María Inmaculada (Vigo) realizando formación en centros de traballo.
- Centro Plurilingüe San José de la Guía facilitando a Formación en Centros de Traballo para o alumnado de Ciclos Formativos de Atención Socio-sanitaria.



- IES de Chapela, facilitando a Formación en Centros de Trabajo para o alumnado de Ciclos Formativos de Atención Socio-sanitaria.

Por outra banda, e dado que o alumnado do centro que está a cursar Programas Formativos de Formación Profesional Básica, tamén debe realizar prácticas de acordo as súas características, cada ano firmamos convenios de colaboración en función da necesidade que poidamos ter cos concellos de procedencia do noso alumnado.

Asemade o centro, coa aprobación do Consello Escolar, pode ceder as súas instalacións para que outras entidades realicen actividades nelas ou cursos nelas.

Sempre que haxa un beneficio económico como compensación, este investirase en formación para o persoal do centro.

## **9. TRANSPORTE E COMEDOR ESCOLAR**

### **9.1. TRANSPORTE**

O servizo de transporte funciona de acordo coa organización establecida pola Xefatura Territorial da Consellería de Educación e a empresa adxudicataria da mesma que comezou neste curso 23-24.

#### **ORGANIZACIÓN DO SERVICIO**

O servizo organízase a principio de cada curso, debendo ter en conta os domicilios do alumnado, así hai que ter en conta que:

- Tódolos rapaces teñen transporte dende o seu domicilio ata o centro escolar.
- No caso do alumnado que vive en concellos moi afastados do centro e das rutas establecidas, e co fin de non prolongar en exceso o seu tempo de permanencia no transporte escolar, combínase o transporte en taxi ata o autobús escolar no que chegarán ao centro.

- Asemade hai tamén taxis que traen directamente ao centro a rapaces e rapazas con problemas de mobilidade ou que é resulta complicado achegar ao transporte en autobús.
- Salientar que tódolos autobuses contan con auxiliar da propia empresa.

Neste curso saen dende o centro os seguintes servizos:

- Tres liñas de autobús que percorren a cidade, adaptando a principio de curso o percorrido aos domicilios dos alumnos e alumnas.
- Un autobús que fai un recorrido cara Ponteareas, Salceda de Caselas e Salvaterra. Esta ruta combina con tres taxis que recollen rapaces en distintas parroquias de Ponteareas, Arbo, Crecente, As Neves e A Cañiza e os acercan a distintos puntos da ruta, incorporándose ao autobús.
- Un autobús que vai cara o Concello de Redondela.
- Un autobús adaptado que fai o recorrido cara a zona do Morrazo.
- Once taxis, ademais dos que fan as conexións que se reflexaron anteriormente, temos:
  - un que transporta nenos e nenas cara a zona do Morrazo: Cangas e Bueu
  - outro que fai o recorrido Salceda-Tui-Salaterra-Arbo
  - un taxi adaptado que fai o percorrido Chapela e centro de Vigo.
  - un taxi que fai un servizo a Gondomar e Baiona
  - dous taxis adaptados que traen a rapaces con problemas de mobilidade ou con domicilios afastados das rutas de autobús ordinarias, facendo ademais unha dobraxe no seu servizo
  - un taxi adaptado que fai recorrido cara Porriño, Ponteareas, Mos e A Cañiza

## **ENTRADA E SAÍDA DO CENTRO**

Este curso retómanse as gardas de transporte pola mañá, sendo estas efectivas dende as 9.15 horas.

Cada ciclo terá un lugar asignado no que estarán os mestres e o persoal coidador establecido, de acordo coa organización feita dende a Xefatura de Estudos.

A saída do centro cara ao transporte escolar comezará ás 15.15 horas, facéndoo de forma ordenada Primaria, Secundaria e Tránsito a Vida Adulta. O alumnado de Pre Taller e PF de FPB saen directamente dende o comedor.

Os taxis que teñen que facer unha dobraxe no seu servizo adaptarán o horario as necesidades do mesmo, co fin de evitar que o alumnado permaneza no centro mais ala das 15.30.

## **INCIDENCIAS**

Existe un rexistro de incidencias no transporte, así o persoal coidador dos autobuses que teña dificultades na atención dos rapaces e rapazas, problemas de comportamento ou calquera outra incidencia debe comunicalo por escrito ao centro.

Tódalas deficiencias que se observen no servizo deben ser comunicadas pola dirección do centro a empresa responsable e de non solucionarse poranse en coñecemento do departamento correspondente da Xefatura Territorial de Educación.

O conserxe, é o encargado de rexistrar a chegada do alumnado ao centro, debendo poñerse en contacto cos responsables de aqueles que faltaron sen que exista unha comunicación que xustifique a ausencia.

## **OS USUARIOS DO TRANSPORTE ESCOLAR TEÑEN AS SEGUINTE OBRIGAS:**

- Chegar a parada co tempo suficiente para coller o autobús/taxi.
- Esperar que o autobús abra a porta antes de baixarse.
- Non empurrar aos compañeiros.
- Respetar as indicacións do persoal acompañante do autobús.

- Non tirar papeis ou outros obxectos polas fiestras .
- Non levantarse antes de que o autobús estea completamente parado
- Non apoiarse nas portas de saída
- Usar a máscara durante todo o traxecto

### **AS FAMILIAS TEÑEN AS SEGUINTE OBRIGAS**

- Indicar aos seus fillos e fillas a necesidade de respectar as normas do autobús
- Estar na parada coa suficiente antelación
- Indicar ao centro calquera posible incidencia na parada asignada.
- Avisar ao centro no caso de que un rapaz/a non faga uso do transporte escolar

### **PROCEDIMENTO A SEGUIR SE ALGÚN PAI/NAI NON ESTIVESE NA PARADA A RECOLLER AO SEU FILLO/A**

Os rapaces que van solos a casa deben contar coa autorización firmada da súa familia.

No caso de que algunha familia non estea a recoller ao seu fillo/a farase o seguinte:

- O responsable do autobús comprobará que a familia non se está aproximando e tratará de comunicarse con ela. A espera nesa parada non pode superar os 5 minutos. Se a familia non se presentase pasados os 5 minutos e se se puido contactar con ela, informaráselle de que debe recoller ao alumno nalgunha das seguintes paradas ou nas instalacións da empresa. Nese momento o responsable do autobús informará tamén a dirección do centro.
- De non presentarse nos lugares indicados ningún responsable do alumno o responsable da empresa levará ao alumno as dependencias da Policía Local / Garda Civil, onde se seguirá a actuación que procedan.

Indicacións detalladas na Instrución conxunta 9/2017 da SXT e da DCRH.

## **9.2. COMEDOR**

O comedor funciona de acordo coas disposicións oficiais, comezando o seu funcionamento no mes de Setembro e rematando no mes de Xuño.

Debido a importancia que ten este servizo no noso alumnado, ao traballo desenvolvido en relación a súa autonomía, hábitos, hixiene... e ao incremento do número de alumnos e alumnas e as necesidades de apoio que algúns deles teñen, cada ciclo terá autonomía para sinalar a hora de inicio do comedor, sendo posible inicialo en horario lectivo, tendo neste caso a responsabilidade da atención ao alumnado tanto os mestres coma o persoal coidador de cada ciclo.

### **CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO**

#### **Alumnado**

- Todos os alumnos e alumnas do centro poderá utilizar este servizo
- Créanse dous quendas de comedor co fin de respectar o aforo do comedor e as necesidades de espazo do alumnado
- Cada rapaz ou rapaza terá un lugar fixo no comedor, sendo os responsables de cada ciclo os encargados de organizar a súa localización, de acordo as necesidades do alumnado.
- Continuarase co servizo individual en bandexas iniciado a causa do Covid, por consideralo adecuado as necesidades do noso alumnado
- Ao remate do tempo de comer, cada ciclo terá un lugar asignado no que estarán os mestres colaboradores de comedor e coidadores de cada etapa.
- Tódolos rapaces e rapazas disporán do menú na aula, ademais estará en fotos no comedor, encargándose Secundaria desta tarefa
- O alumnado con alerxias alimentarias contará cun menú adaptado, así como calquera outro alumno/a con algunha patoloxía puntual.
- Sempre que sexa necesario facer unha variación permanente no menú debe aportarse un informe médico.

## **Persoal**

- As responsables da organización e funcionamento do comedor serán a encargada de comedor e a directora, que deberán estar sempre presentes no tempo de funcionamento do comedor.
- O comedor é atendido polo persoal coidador e os mestres colaboradores, a atención a cada etapa fixase en función das necesidades do alumnado da mesma, co fin de que os rapaces e rapazas poidan ser atendidos de xeito adecuado.
- Poden optar a ser persoal colaborador en primeiro lugar os mestres e mestras, e si non houbera as familias. Tódolos colaboradores reciben a contraprestación que marca a Consellería para este fin.
- O tempo de comer para o persoal é a partir das 15.30, unha vez que o alumnado abandonou o centro.
- No caso de retraso nalgún dos transportes, estableceranse quendas para custodiar ao alumnado entre o persoal coidador e o conserxe.

## **Comisión de comedor**

Co fin de mellorar a calidade do servizo e prever dificultades, crease unha comisión de comedor coas seguintes características:

Compoñentes: directora, encargada de comedor, unha representante do persoal coidador, a cociñeira e a enfermeira

Funcións:

- propor melloras no menú e na súa elaboración.
- estudar desaxustes nos grupos.
- Valorar as necesidades de material específico

## Familias

Tódalas familias terán información puntual do menú mensual do seu fillo/a que será subido tamén a web do centro:


### Menú tipo: SETEMBRO

CEE Saladino Cortizo Carballal 60, 36318 Vigo Teléfono: 986 288 188 Fax: 986 487 658 <a href="http://centro.edu.xunta.es/ceesaladino/">centro.edu.xunta.es/ceesaladino/</a>		 <b>Setembro 2023</b>			
Luns	Martes	Mércoles	Xoves	Venres	
11	12	13	14	15	
Lentellas vexetais	Crema Vichy	Ensalada mixta	Crema de verduras	Pasta copn espinacas e queixo	
Empanada	Polo asado con patacas	Carne con arroz	Peixe copn patacas	Xamón asado con ensalada	
Froita	Xelatina	Froita	Iogur	Froita	
18	19	20	21	22	
Ensalada mixta	Caldo de repolo	Menestra de verduras	Sopa	Crema de verduras	
Espaguetis con atún	Carbonara con arroz	Peixe con pataca cocida	Pavo asado con guarnición	Calamares guisdados	
Froita	Froita	Flan	Froita	Iogue	
25	26	27	28	29	
Xudías verdes con patacas e ovo	Sopa	Arroz vexetal	Crema de verduras	Ensalada de pasta	
Lomo con tomate	Churrasco con ensalada	Peixe con ensalda	Polo asado con patacas	Peixe copn guarnición	
Froita	Iogur	Froita	Iogue	Froita	

## 10. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

O plan de autoprotección do centro foi elaborado no curso 2019-2020 por unha empresa especialista enviada pola Xefatura Territorial, participando todo o persoal nas actividades formativas e dándoo a coñecer a toda a comunidade educativa. Debido os cambios de persoal, é necesario darllo a coñecer, co fin de que poida ser posto en marcha de forma adecuada.

É obrigatorio facer un simulacro ao longo do curso.



## 11. PERSOAL NON DOCENTE

O colectivo de persoal non docente que traballa no Centro está formado por vinte e catro persoas, todas elas pertencentes ó Persoal Laboral dependente da Xefatura Territorial da Consellería de Educación. Os seus dereitos e deberes recóllense no V Convenio Laboral para Persoal Laboral da Xunta de Galicia. <http://www.xunta.es/dxftp/VconvenioColectivo.pdf>

Estamos pendentes dunha praza vacante que existe en catalogo dunha coidadora, ca cal o número total de persoal laboral serían vinte e cinco.

### 11.1. CONSERXE

As súas funcións son todas as relacionadas co coidado e mantemento das instalacións do centro, atender ó teléfono, fotocopiadora así como calquera outra que lle sexa encomendada de acordo coas funcións especificadas no convenio correspondente.



Tamén se estableceu que sexa o encargado de chamar as familias ante a faltas do alumnado.

### **11.2. PERSOAL DE COCIÑA E COMEDOR**

Son unha cociñeira, unha axudante de cociña e unha camareira-limpadora. A súa zona de traballo é a cociña do centro, sendo a camareira-limpadora tamén encargada da lavandaría.

### **11.3. PERSOAL DE LIMPEZA**

O centro conta con 3 persoas de limpeza. Unha ten xornada laboral de mañá, co fin de poder atender a limpeza e desinfección do centro durante a xornada escolar. E dúas teñen de xornada de tarde sendo as encargadas da limpeza de todo o colexio agás o comedor.

### **11.4. PERSOAL COIDADOR**

Iniciamos este curso con 12 coidadoras fixas durante toda a semana. Estamos a espera de que se cubra una praza que hai vacante para sumar a totalidade de 13 coidadoras.

A súa distribución no Centro faise por ciclos, sendo este ano unha para Primaria, cinco para Secundaria, catro para Tránsito á Vida Adulta e dúas para Programas Formativos de Formación Profesional Básica e PreFP. A coidadora pendente de adjudicar incorporárase a Tránsito á Vida Adulta, pasando de catro a cinco nese ciclo.

Non obstante, esta distribución pode sufrir modificacións puntuais dependendo das necesidades e circunstancias do momento.

O persoal coidador é o responsable de atender as necesidades do alumnado no relativo a hixiene, alimentación..., así como de apoiar ós mestres/as de cada ciclo no que se lle requira, facendo traballo de apoio dentro da aula cos casos que se estableza de xeito coordinado co ciclo, tal como figura nas funcións elaboradas de xeito consensuado.

### **11.5. FISIOTERAPEUTA**

O servizo de fisioterapia está composto por unha fisioterapeuta.

A el teñen acceso todo o alumnado do centro, pero priorizarase a atención a aquel alumnado con maior afectación física.

Desta maneira, aqueles cuxas necesidades son maiores, acoden a fisioterapia en sesións pautadas semanalmente, de media hora de duración cada unha, e que poden variar das cinco sesións á semana (nos casos de maior afectación) a unha, dúas ou tres sesións semanais noutros casos.

Para establecer estas sesións e o horario en que se realizan, existe unha coordinación entre a fisioterapeuta, os/as titores/as e os/as diferentes especialistas (música, educación física, audición e linguaxe).

O resto do alumnado pode tamén acceder para tratamentos puntuais: escordaduras, contusións, alxias vertebrais , etc.). Nestes casos realizarase tratamento polo tempo necesario ata que a doenza desaparece. Estes tratamentos realizaranse en ocios que xorden no horario semanal establecido, debido á ausencia dalgún alumno/a.

### **11.6. ENFERMEIRA**

A labor de enfermaría no centro é participar no coidado da saúde do alumnado, tarefa compartida co resto da comunidade educativa, como coidadores e docentes.

As funcións principais do servizo de Enfermaría Escolar son asistencial, docente, administrativa, de xestión e investigación.

Os obxectivos xerais anuais do Servizo de Enfermaría Escolar son:

1. Coñecer o nivel de saúde do alumnado, para a detección precoz e tratamento dos problemas de saúde.
2. Previr a enfermidade e/ou as súas complicacións, mediante a actuación preventiva e a educación para a saúde.
3. Contribuír a unha óptima coordinación e actuación multidisciplinar entre os profesionais do centro.
4. Mellorar a calidade da asistencia sanitaria mediante a coordinación e a comunicación cos distintos niveis asistenciais dos servizos sanitarios e a formación continua.

Como obxectivos máis específicos temos:

- Potenciar a participación e relación cos pais dos alumnos, informándolles e formándoos sobre diversos aspectos da saúde dos seus fillos.
- Realizar obradoiros de formación co profesorado e persoal non docente sobre como actuar en situacións de emerxencia como atragantamento ou crises epilépticas.

Fomentar que o alumnado adquira hábitos de vida saudables relacionados coa alimentación, a actividade física e a hixiene persoal mediante talleres e intervención individuais.

## **11.7. CADRO DE PERSOAL**

### **Persoal coidador:**

- M<sup>a</sup> José Soto Mata.
- Elisa Rodríguez Camiña.
- M<sup>a</sup> del Carmen Costa Dorado.
- Cristina Ochogavía Rey.
- María Dolores Blanco Vales.
- Eugenia Vilariño Varela.
- Alfonsa García Congil
- María Romero Uribarri.
- María José García Serodio.
- Ana Isabel Tizón Calvo (está de baixa). Substituta: María Lorena Guimil García.
- María del Carmen Rey Nuñez.
- María Luz Otero Sobrado.

### **Conserxe:**

- Bernardo Vázquez Acuña.

### **Persoal de cociña:**

- Almudena Vázquez Conde (está de baixa). Substituta: Rocío González Iglesias.
- Laura Duarte Abollo.
- María Elena Paredes Otero.

### **Persoal de limpeza:**

- M<sup>a</sup> del Carmen Puga Vilaboa.
- M<sup>a</sup> del Carmen Requejo Pérez.
- M<sup>a</sup> del Carmen Fernández Dorrío.

### **Fisioterapeuta:**

- Victoria Alonso Pampín.

### **Enfermeira:**

Noa Rodríguez Díaz.

## **12. RELACIÓN COAS FAMILIAS**

Debe ser un obxectivo prioritario do centro o traballo coas familias, é necesario aunar esforzos de cara a conseguir o máximo desenrolo persoal dos alumnos e alumnas; debemos implicalas na dinámica do centro e facelas partícipes das actividades que aquí se levan a cabo, invitándoas a participar naquelas que se presten á súa colaboración ou asistencia.

Debemos crear canles de colaboración, e seguir pondo en marcha actividades que resulten proveitosas para eles, caso de:

- Charlas formativas sobre aspectos que lles resulten preocupantes
- Orientación de cara ao remate da escolarización dos seus fillos e fillas no centro

De xeito xeral procurarase colaborar en todas aquelas demandas que, ben de xeito individual ou a través da ANPA, fagan chegar ó Centro.

Asemade continuarase tamén colaborando con eles na procura de actividades de ocio e tempo libre para os rapaces e rapazas, tanto durante os fins de semana coma nos períodos vacacionais, para iso aproveitaranse os seguintes recursos:

- Administracións e concellos
- Fademga

- Asociacións

### **13. INSTALACIÓNS ESCOLARES**

#### **13.1. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO**

Para a utilización das instalacións escolares, deberá terse en conta:

De xeito xeral podemos sinalar que:

- Tódalas instalacións do Centro son utilizadas polos alumnos/as do propio colexio en horario escolar.
- Tamén se lle facilitará a ANPA do centro o uso das instalacións sempre que queiran facer xuntanzas, actividades formativas... ou calquera outra relacionada coa súa organización.
- No caso de que calquera organismo alleo ao centro quixera facer uso das instalacións para desenvolver as súas actividades, deberá solicitalo á Dirección do Centro, que informará ao Consello Escolar e presentará a solicitude a Xefatura Territorial.

#### **13.2. NECESIDADES**

É necesario continuar na mellora do centro. De cara a este curso está programada:

- Seguir traballando na remodelación do patio, de xeito que se consiga un patio inclusivo e integrado de forma harmónica na contorna do colexio, no que existan espazos para a diversidade de alumnado que temos.
- Continuar mellorando o salón de actos.
- Renovar o material específico do taller de Peiteado.
- Reorganizar e dotar de materiais os espazos de lecer interiores, prioritariamente a zona de fútbolín.

#### **13.3. NECESIDADES DE MATERIAL**

As necesidades de material do centro son varias, mais neste momento consideramos que é prioritario:

- Incidir na necesidade de material específico presentada dende os PF de FPB
- Continuar coa mellora do material informático

- Renovar o material dos espazos de lecer interiores.